



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito social

Educación a distancia semipresencial

Módulo 4

Unidade didáctica 13

A Guerra Fría e o proceso de
descolonización. Evolución das grandes
potencias. A Ditadura de Franco e a
Transición

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	4
1.4	Orientacións para a programación temporal	4
2.	A Guerra Fría e o proceso de descolonización	6
2.1	Concepto e causas da Guerra Fría	6
2.2	O proceso da descolonización	17
2.3	A evolución das grandes potencias.....	30
2.3.1	A evolución da democracia americana	30
2.4	A Ditadura de Franco e a Transición política de España cara á democracia.....	38
2.4.1	O réxime político. España durante o franquismo	38
2.4.2	Trazos máis característicos do réxime	38
2.4.3	As relacións internacionais.....	39
2.4.4	Evolución económica e social	39
2.4.5	A oposición política e sindical	41
2.5	A Transición política de España cara á democracia	49
3.	Actividades complementarias.....	56
4.	Resumo de contidos	58
5.	Exercicios de autoavaliación	66
6.	Solucionario.....	67
6.1	Solucións das actividades propostas	67
6.2	Solucións das actividades complementarias.....	72
6.3	Solucións dos exercicios de autoavaliación	74
7.	Glosario.....	75
8.	Bibliografía e recursos	80
9.	Anexo. Licenza de recursos	83

1. **Introdución**

1.1 **Descrición da unidade didáctica**

Nesta unidade imos traballar un período da historia contemporánea que determinou os tempos que tocan vivir na actualidade, tanto polas tensións que se crearon como polo propio desenvolvemento desas tensións. Estudaremos a chamada "Guerra Fría", que en certos momentos mantivo en vilo á humanidade por mor do enfrontamento nese tempo das dúas grandes potencias, o proceso de "descolonización", que desembocará en conflitos tribais, socioculturais e económicos nos países do terceiro mundo, así como a evolución das aludidas grandes potencias a costa dese denominado terceiro mundo. Dentro de España e de Galicia, estudaremos o desenvolvemento dunha longa ditadura e a "Transición" cara a unha democracia en constante proceso de evolución.

1.2 **Coñecementos previos**

Para empezar a traballar, partiremos dos coñecementos previos do alumnado da educación secundaria para persoas adultas.

Para iso realizaremos unha sinxela proba na que trataremos de ver:

- A súa capacidade lectora.
- A comprensión e interpretación de textos.
- A comprensión e interpretación de gráficas.
- A súa capacidade de facerse preguntas.
- A súa competencia na elaboración de textos sinxelos.
- Un nivel básico de coñecementos históricos canto a:
 - Comentario de textos básicos.
 - Lectura de escritos coetáneos, históricos e historiográficos, e resposta a preguntas sinxelas.
 - Análise e interpretación de imaxes.
 - Colocación de títulos.
 - Selección da información.

1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

O noso obxectivo fundamental consistirá en desenvolver as competencias sociais e culturais das persoas adultas coa finalidade de posibilitarlles unha inserción activa e responsable na sociedade e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

A adquisición das competencias clave da aprendizaxe (a lingüística, a matemática, a dixital, a de aprender a aprender e a cívica e social) é básica ao longo da vida. Estas competencias contribúen a desenvolver unhas destrezas necesarias para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos.

O noso alumnado debe ter presente que, para adquirir as destrezas e os coñecementos básicos, ademais de amosar interese, cómpre fundamentar o seu traballo na constancia e no esforzo continuado.

Coa súa aprendizaxe poderá utilizar recursos, participar máis activamente na sociedade e, sobre todo, entenderá que a cultura é un ben que ninguén lle pode arrebatarse, realmente é o único que nos fai libres.

- O traballo será gradual.
- A aprendizaxe estará baseada na proximidade e na experimentación cotiá.
- As tecnoloxías da información e da comunicación serán ferramentas motivadoras e interesantes para as persoas adultas. Con elas o alumnado aprenderá a buscar e xestionar a información.
- Empregaranse técnicas de estudo para afianzar a adquisición dos coñecementos.
- O alumnado avanzará, individual e colectivamente, na interpretación e coñecemento do mundo no que vive.

As achegas que lles proporcionará a historia serán imprescindible para, aprendendo do pasado, comprenderen o presente e traballaren por un futuro mellor, igualitario e democrático.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Nesta unidade didáctica traballaremos a materia, entre 10 e 13 sesións, distribuída da seguinte forma:

- Contidos: A Guerra Fría (1948-1991): 3 sesións.

- A descolonización (1945-1975): 2 sesións.
- Evolución das grandes potencias: 2 sesións.
- Ditadura de Franco e Transición (1939-1975/1975-1978): 4 sesións.
 - Causas e consecuencias.

2. A Guerra Fría e o proceso de descolonización

2.1 Concepto e causas da Guerra Fría

<i>"Complexo sistema de relacións internacionais da posguerra, a pugna entre as dúas superpotencias pola hexemonía mundial e a aparición dun abismo de hostilidade e temor entre os dous grandes bloques xeopolíticos que herdaran o espírito de Ialta"</i>	<i>"Enfrontamento directo e non bélico entre as dúas superpotencias e os dous bloques que ambas lideran, que se basea tanto nunha política de riscos calculados, coas armas nucleares como instrumento básico e o exercicio dunha estratexia diplomática-militar determinada, como polo estalido dunha serie de conflitos localizados na sociedade internacional"</i>
Gil Pecharromán, Julio. A Guerra fría. A OTAN fronte ao Pacto de Varsovia. Madrid: Historia 16.Temas de Hoy, 1998. páx. 7	Pereira, JuanCarlos. Historia y presente de la guerra fría. Madrid: Istmo, 1989. páx. 331



EUA: EUA era e é unha república federal que basea o seu sistema social e económico no capitalismo, de feito, EUA será o símbolo deste sistema económico. Politicamente, existe un forte bipartidismo entre o Partido Demócrata e o Partido Republicano, os demócratas teñen unha ideoloxía progresista que defende a intervención do Estado e as súas institucións para regular a economía e ofrecer servizos públicos, os republicanos son máis conservadores e son defensores do liberalismo económico clásico; ambos os partidos se sucederon no poder durante os anos da Guerra Fría. Desde un punto de vista social, atopámonos cunha sociedade de consumo multiétnica e, polo xeral, cun alto nivel de vida que convive con masas de poboación empobrecida e segregada.	 URSS: a Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas foi o primeiro Estado comunista. Stalin creou un régime totalitario cunha economía fortemente planificada, que foi suavizado polas reformas desestalinizadoras de Khrushchev. Desde un punto de vista militar, embarcouse nunha frenética carreira armamentística que a puxo ao nivel de EUA e, desde un punto de vista social, ofreceu unha ampla cobertura de servizos. Cara a finais do século XX, froito das súas tensións internas, produciuse a disolución da URSS.
---	---

Trazos da vida internacional

Estruturación dun sistema bipolar ríxido

Un mundo no que non caben as posicións intermedias. Alíndanse dous bloques agrupados ás dúas potencias mundiais: EUA e a URSS (Estados Unidos e a Unión Soviética). Gran Bretaña perde o seu papel hexemónico na política mundial tras o desgaste causado pola II Guerra Mundial e pola descolonización.

Tensión permanente entre os dous polos

Motivada pola procura dun equilibrio estratéxico nunha orde mundial profundamente alterada tras a II Guerra Mundial. Isto trae consigo a necesidade de reafirmar permanentemente o liderado das dúas superpotencias, o forzado aliñamento dos outros países e o continuo e progresivo rearme militar.

Papel da ONU

Un papel de foro de discusión dos dous bloques. A pesar dos erros e inxerencias do veto, o papel da ONU como plataforma de diálogo foi e é moi importante.

Bloques Militares

Creación de dous bloques militares: OTAN e Pacto de Varsovia

Política de riscos calculados

É dicir, a contención dos avances dos adversarios, disuadíndoos de calquera acto hostil, pero evitando producir un conflito de carácter mundial. Isto trae consigo a frecuente aparición do que se dará en chamar "puntos quentes", é dicir, conflitos locais, como en Corea, Berlín ou Cuba, onde os bloques miden as súas forzas, aínda que conscientes de solucionar as diferenzas pola vía da negociación en canto os riscos foran excesivos para ambos os bloques.

O mundo bipolar 1949-1955


A partición de Alemaña e a guerra de Corea mostraron ao mundo unha nova realidade: a división en dous grandes bloques liderados por EUA e a URSS. En diante, cada bloque defendeu a súa zona de influencia fronte ao avance do bloque contrario.

Estados Unidos toma diversas medidas para asentar a súa influencia mundial. En primeiro lugar, reforzou os seus lazos con Europa Occidental: en 1949 naceu a OTAN, Organización do Tratado do Atlántico Norte, a grande alianza militar do bloque occidental ata os nosos días. En segundo lugar, Washington impulsou o proceso da integración europea que culminou en 1957 co nacemento da Comunidade Económica Europea. Finalmente, EUA teceu unha ampla rede de alianzas antisoviéticas por todo o mundo.

O bloque soviético reforzouse coa vitoria de Mao Tse-Tung en 1949. A URSS asinou acordos militares e de cooperación coa China comunista de Mao.

Finalmente, en 1955, nacía o Pacto de Varsovia, alianza militar que uniu a URSS con todos os países europeos do bloque comunista, coa excepción de Iugoslavia.

A Guerra Fría en Europa: os países europeos da OTAN e os membros do Pacto de Varsovia.



A Coexistencia Pacífica 1955-1962

A morte de Stalin en 1953 e o ascenso ao poder dun novo líder soviético, Khrushchev, abriu un novo período na Guerra Fría. Tras unha fase de grandes tensións, un novo clima nas relacións entre Washington e Moscova fixo que se falase de "coexistencia pacífica" e "desxeo". Con todo, este novo ambiente non significou a fin das crises internacionais. Neste período erixiuse o muro de Berlín e a guerra fría trasladouse ao continente americano coa crise dos mísiles en Cuba. Foi tamén nestes anos cando, para xúbilo norteamericano, os dous colosos comunistas, China e a URSS, romperon a súa alianza e convertéronse en potencias antagónicas.

Principais acontecementos

- Década dos anos 40:
 - Guerra civil en Grecia (1946-1949)
 - Bloqueo de Berlín (1948-1949)

- Década dos 50:
 - Guerra de Corea (1950-1953)
 - Crise de Suez (1956)



Dous irmáns ante un tanque M-26 en Haengju durante a guerra de Corea. 06/09/1951. National Archives an Records Administration of the United States.

Tras a finalización da Segunda Guerra Mundial a **península de Corea** foi dividida en dúas zonas que tomaban como fronteira o paralelo 38°. Tras a derrota de Xapón, **o norte da península fora ocupado por tropas rusas e o Sur, por tropas norteamericanas.**

Malia o acordo de 1945 de establecer un único Estado, tras a celebración dunhas eleccións xerais, nin a ONU nin Rusia nin EUA conseguiron a unificación. A división foi máis patente tras a retirada dos soviéticos e norteamericanos.

A guerra estalou finalmente tras unha dura campaña de acusacións mutuas de violación de fronteiras. Nun contexto estimulado polo triunfo maoísta en China, Corea do Norte, alentada por directrices soviéticas, invadiu Corea do Sur. Inmediatamente a ONU enviou cascos azuis baixo o mando de xenerais militares (Mac Arthur, entre eles) á zona, a proposta de EUA; pola súa banda, a China de Mao apoiou o réxime de Seúl. Aínda que destituído por Truman en abril de 1951, Mc Arthur, procónsul norteamericano en Xapón, propuxera o lanzamento de bombas atómicas en Manchuria. **O conflito, finalizado por fin en 1953 coa Paz de Panmunjon, consagrou a división das dúas Coreas.**

- Década dos 60:
 - Crise dos Mísiles en Cuba (1962)
 - Construción do muro de Berlín (*o muro da vergoña/pano de aceiro*)



O presidente Nixon visitando o muro de Berlín 2/07/1969

«Nixon achegouse ata o muro da vergoña "pano de aceiro" en Moritzplatz, un dos puntos de pasaxe entre o Berlín comunista e o Berlín libre e onde algúns fuxitivos da cidade oriental atoparon a morte ao buscar inutilmente a liberdade.

National Archives an Records Administration of the United States

Moita xente esperaba alí a chegada de Nixon, que subiu a unha plataforma instalada ao bordo do muro e que o superaba en altura longamente, mentres alén dos aramados, na torre da garda comunista, os policíaos orientais enfocábano cun xigantesco teleobxectivo de televisión, ao que Nixon saudou axitando os seus brazos. Por detrás dos gardas, encasquetados nos seus gorros de pel, nalgúns balcóns orientais, timidamente asomados, os veciños do Berlín comunista contemplaban a cerimonia en rigoroso silencio. Detrás deles, a tristeza, a infinita

tristeza ». Así ofrecía o diario ABC do 28 de febreiro de 1968 a noticia da visita de Nixon a Berlín. Ademais, afirmaba o presidente norteamericano: «non haberá presións capaces de forzar aos poderes occidentais a abandonar os seus deberes como protectores do pobo de Berlín (...). O noso compromiso pola liberdade de Berlín non foi nunca máis firme que o é no día de hoxe. Berlín debe seguir sendo ceibe».

- Guerra de Vietnam (1960-1975)
- Década dos 70:
 - Guerra de Vietnam



Protestas en Wichita contra a guerra de Vietnam 1967

Tras a división de Vietnam en dous estados, segundo o estipulado na **Conferencia de Xenebra de 1954** e a evacuación de Francia, Ho Chi Minh, dirixente comunista norvietnamita, anunciaba a súa intención de enviar tropas a Vietnam do Sur onde se organizou a **Fronte de Liberación Nacional a través da guerrilla revolucionaria ou brazo armado do Vietcong**.

A guerra de Vietnam (1957-1975) quedou convertida nunha longa guerra de case vinte anos que finalizaría en 1975 coa completa retirada das tropas norteamericanas, previo inicio, no ano 73, de conversacións que levaron á apertura de negociacións de **paz en París**. Estas foron motivadas en parte polo excesivo custo da guerra e a **protesta da opinión pública norteamericana**.

National Archives and Records Administration of the United States

- Guerra de Afganistán (1979-1989)
- Década dos 80:
 - Guerra de Afganistán (1979-1989)

A Distensión 1962-1975

Cales foron as razóns que levaron a EE.UU. e a URSS a avanzar nun período de relativa distensión nas súas relacións? Esencialmente podemos sinalar tres motivos:

- **A crise dos mísiles en Cuba en 1962** fixo tomar conciencia ás superpotencias do perigo mortal da posesión e multiplicación do seu arsenal nuclear.
- As dúas superpotencias consideraron por diferentes motivos que unha relaxación das tensións favorecía aos seus obxectivos a longo prazo. Podemos falar nese sentido da distensión como un medio para obter os fins a longo prazo de cada superpotencia.
- Ambas as potencias atravesaron un período de contestación nos seus respectivos bloques. A URSS, debilitada polo conflito chinés-soviético, tivo que facer fronte, entre outros conflitos, á Primavera de Praga en Checoslovaquia. EE.UU. viu como a Unión Europea se consolidaba como unha potencia económica e como no seo da OTAN xurdiu a disidencia concretada na Francia de de Gaulle.

Tras asomarse "ao bordo do abismo" nuclear na crise dos mísiles de Cuba, Kennedy e Khrushchev decidiron iniciar de forma máis sistemática e duradeira unha nova política de distensión. Abríase así un novo período da Guerra Fría no que os acordos entre as superpotencias non impediron graves conflitos como o de Vietnam ou o Oriente Próximo.

Entre os tratados destacaron o Tratado de Non Proliferación Nuclear (1968), asinado por EUA, a URSS e o Reino Unido e o Acordo SALT I (1972) que limitou o número de mísiles intercontinentais que podía posuír a URSS e os EUA.

A nova Guerra Fría 1975-1985

As dificultades económicas do mundo occidental tras a "crise do petróleo" de 1973 e a renitencia americana a implicarse militarmente no exterior tras o fracaso de Vietnam animaron a Moscova a intervir en diversas zonas do mundo. Foi unha miraxe. A debilidade norteamericana era aparente. A soviética era real. A súa economía entrara nun período de estancamento que finalmente



A ineficacia económica do sistema soviético reflectíase en continuas colas para acceder aos escasos bens de consumo dispoñibles. Kharkiv, 1981.

levaría ao colapso do sistema comunista. O presidente Reagan volveu nos anos oitenta a unha política de enfrontamento coa Unión Soviética e esta non puido facer fronte ao novo desafío que viña de Washington.

A debilidade económica soviética precipitou a fin da guerra fría e o posterior derrubamento da URSS.

A URSS interpretou mal a situación internacional e lanzouse a unha expansión da súa influencia internacional sen ter en conta as serias dificultades polas que pasaba a súa economía. O último período na dirección soviética de Leonid Brezhnev (1964-1982) foi testemuña do que podemos denominar unha enganosa expansión soviética:

- **En Asia, Vietnam** era reunificado en 1975 baixo un goberno comunista.
- **En América Central**, a revolución sandinista de 1979 estableceu un réxime revolucionario en Nicaragua co apoio de Moscova e a Habana.
- **En África**, a expansión soviética foi aínda máis espectacular. A partir de 1974, establecéronse réximes prosoviéticos en Etiopía, Angola e Mozambique.

■ miembros
■ miembros que no participan
■ asociados
■ observadores

O 24 de decembro de 1979 as tropas soviéticas invadiron o país. Iniciábase a guerra de Afganistán. A reacción mundial foi inmediata. A ONU condenou a invasión e EUA decidiu axudar ás guerrillas islámicas que se enfrontaban ás tropas soviéticas. Iniciábase unha nova guerra fría.

definir á Unión Soviética en 1982 como "***o imperio do mal***", lanzou a **Iniciativa de Defensa Estratéxica**, un ambicioso plan de armamento antimísiles que preocupou profundamente a Moscova.

Os anos oitenta foron testemuñas da fin da guerra fría. A URSS entrou nun período de decadencia que se acelerou coa chegada ao poder de Mikhail Gorbachev, en 1985, e o seu programa de reformas.

Diversos factores explican a decadencia soviética:


- **A dureza das posicións de Reagan** levou a dirección soviética a reconsiderar a escalada no enfrontamento con EUA. A Iniciativa de Defensa Estratéxica fixo evidente a **superioridade tecnolóxica e económica de EUA** sobre a URSS.
- A partir de 1980 as **disensións internas no bloque soviético** debilitaron a súa posición estratéxica. As protestas anticomunistas, iniciadas en Polonia, desencadearon unha profunda crise nos aliados da URSS no **Pacto de Varsovia**.



Ronald Reagan en Berlín en 1987. Neste discurso, o presidente Norteamericano esixiu a Gorbachev que o muro de Berlín (vese detrás do estrado) **fose derrubado**.

Finalmente, a URSS estaba sumida no **estancamento económico** cunha deterioración crecente das condicións de vida da poboación. **Gorbachev**, tras chegar ao poder en 1985, iniciou unha serie de reformas (*perestroika*) que basicamente buscaban reducir os inxentes gastos militares soviéticos e centrar os recursos en sacar o país da crise económica.

Actividade resolta: Comente o seguinte documento:



George Marshall. (1880-1959). Secretario de Estado entre 1947-49. Secretario de Defensa entre 1950-51.

Non necesito dicirles, señores, que a situación mundial é moi seria (...). Ao considerar o que se precisa para a rehabilitación de Europa, a perda física de vida, a destrución visible de cidades, factorías, minas e ferrocarrís foron correctamente estimadas, pero fíxose obvio nos últimos meses que esta destrución visible era probablemente menos seria que a dislocación de toda a fábrica da economía europea (...).

A verdade da cuestión é que as necesidades de Europa para o próximos tres ou catro anos en alimentos e outros produtos esenciais procedentes do exterior, principalmente de América, son tan superiores á súa presente capacidade de pago que teñen que recibir unha axuda adicional substancial ou enfrontarse cunha deterioración económica, social e político dun carácter moi grave. O remedio consiste en romper o círculo vicioso e restaurar a confianza da xente europea no futuro económico dos seus propios países e de Europa como un todo. O fabricante e o granxeiro, ao longo e ancho de amplas áreas, teñen que ter capacidade e vontade de cambiar os seus produtos por moedas cuxo valor continuo non estea constantemente en cuestión.

- (...) as consecuencias para a economía dos Estados Unidos parecen evidentes a todos. **É lóxico que os Estados Unidos fagan canto estea no seu poder para axudar a volver a unha saúde económica normal no mundo, sen a cal non cabe estabilidade política nin paz segura. A nosa política non vai dirixida contra ningún país nin ningunha doutrina, senón contra a fame, a pobreza, a desesperación e o caos.** O seu obxectivo debe ser a volta á vida dunha economía operante no mundo, de forma que permita a aparición de condicións políticas e sociais nas que poidan existir institucións libres. Tal axuda, ao meu modo de ver, non se debe levar a cabo en cachos a medida que se desenvolvan as crises. Calquera axuda que este Goberno poida prestar no futuro debe procurar unha cura antes que un simple paliativo.

Discurso de George Marshall. Universidade de Harvard. 6 de xuño de 1947

O autor do documento é George Marshall (1880-1959). En 1947 foi nomeado secretario de Estado, propulsando o plan de reconstrución europea que leva o seu nome, así como tamén a axuda a Grecia e a Turquía. Por motivos de saúde, dimitiu do seu cargo en 1949.

En 1953 recibiu e premio Nobel da Paz. Tres meses despois de que o presidente Harry Truman anunciase a súa política de contención do comunismo e a axuda aos pobos libres, George Marshall deu a coñecer en público o Programa de Recuperación Europea, xeralmente coñecido como **Plan Marshall**.

A promulgación oficial do Programa realizouse o 6 de xuño de 1947 na Universidade de Harvard, centro ao que fora convidado o xeneral Marshall para ser investido doutor honoris causa.

Ante a deplorable situación económica que afectaba a Europa, Estados Unidos promove un **Plan de Recuperación Económica, coñecido como Plan Marshall**. Así pois, **George Marshall comeza o seu discurso poñendo énfase na preocupante crise económica que afectaba a Europa, afirmando que a devastación da economía europea facía imposible que eses países lograsen liquidar os seus gastos sen a axuda externa:** *"as necesidades de Europa para o próximos tres ou catro anos en alimentos e outros produtos esenciais procedentes do exterior, principalmente de América, son tan superiores á súa presente capacidade de pago, que teñen que recibir unha axuda adicional substancial ou enfrontarse cunha deterioración económica, social e político dun carácter moi grave"*.

Ante tal situación, a sociedade americana non pode pechar os ollos, xa que, segundo Marshall, os problemas económicos que están a afectar a Europa non son independentes do desenvolvemento económico mundial, polo tanto, Estados Unidos debe estar atento, pois a súa economía pode verse directamente afectada.

A tarefa que propuxo George Marshall foi elaborar un plan de axuda que permitise devolver a saúde económica ao mundo, e con iso tamén construír bases sólidas onde cimentar a paz. Neste punto, Marshall subliña o carácter altruísta da política económica que está a propoñer ao afirmar que *"A nosa política non vai dirixida contra ningún país nin ningunha doutrina, senón contra a fame, a pobreza, a desesperación e o caos. (...)"*.

Desta afirmación despréndese a posibilidade de que o plan tamén estivese destinado aos países da Europa Oriental. Con todo, como se verá posteriormente, o plan foi rexeitado pola Unión Soviética e obrigou o grupo de países situados baixo a súa esfera de influencias a rexeitalo, así como a **negárllelo a países como España por estar baixo o dominio dunha ditadura, a pesar da miseria e a fame que estaba a**

producirse coa política económica do primeiro franquismo (autarquía).

No discurso, George Marshall **destaca a necesidade de que a petición de axuda proveña dos países europeos, é dicir, son estes os que deben avaliar as súas necesidades e organizarse para solicitar a axuda que Estados Unidos está disposto a entregar:** *"A iniciativa, penso eu, ten que vir de Europa. O programa debería ser un programa combinado, aceptado por un bo número de nacións europeas, senón por todas".*



No mapa pódese visualizar a liña de demarcación que se xerou a partir da distribución do Plan Marshall. Toda a área controlada pola Unión Soviética mantívose á marxe da axuda económica prestada por Estados Unidos, dela forman parte os seguintes países: Polonia, Alemaña Oriental, Checoslovaquia, Hungría, Romanía, Bulgaria, Iugoslavia e Albania. Posteriormente, produto da ruptura entre a Unión Soviética e Iugoslavia, este último tamén pasa a ser parte dos países beneficiados pola axuda económica de Estados Unidos, pero non se atopa directamente incluído no Plan Marshall. Entre os países de Europa Occidental, só España ficou á marxe do Programa de Recuperación Económica.

A resposta por parte dos países europeos non se fixo esperar. Tras un primeiro intercambio de puntos de vista entre franceses, británicos e soviéticos, decidiuse responder á proposta norteamericana convocando **unha reunión en París o 27 de xuño**. Pola súa banda, o conxunto de países occidentais que si aceptaran a axuda proposta por Estados Unidos constituíron en xullo un **Comité Europeo de Cooperación Económica (CECE)**, encargado de elaborar un informe sobre as demandas que desde Europa se poderían facer a Estados Unidos. En setembro de 1947 presentouse **"o Informe de París"**. Nel establecíanse catro obxectivos: **a)** aumento da produtividade agrícola e industrial ata alcanzar os niveis de antes da guerra; **b)** estabilidade financeira; **c)** cooperación económica entre países participantes e **d)** solución ao problema do déficit en dólares a través da expansión das exportacións.

Ante as peticións europeas, o Congreso de Estados Unidos, aprobou o 3 de abril de 1948 o *Foreign Assistance Act*, máis coñecido como o **Programa de Recuperación Europeo**. Entre 1948 e 1952 dezaseis países beneficiáronse da axuda económica do Plan Marshall, **quedaron excluídos España (Ditadura de Franco) e Finlandia por razóns políticas**, mentres que a Unión Soviética non o aceptou e obrigou os países da súa órbita a rexeitalo. No mapa que se presenta a continuación pode verse claramente o delineamento da fronteira xerada a partir da distribución do Plan Marshall.

Actividades propostas

S1. Que significou a expresión "*pano de aceiro*"?

- ☐ Acuñada por Churchill nun soado discurso na Universidade de Fulton en 1946, o veterano líder británico usou a expresión "**pano de aceiro**" para referirse á fronteira que separaba a Europa dominada polo exército soviético do resto.
- ☐ O presidente norteamericano Truman denominou así a impermeable fronteira que separaba a Europa Oriental comunista dos países occidentais que ían recibir a axuda do Plan Marshall.
- ☐ O termo foi creado para describir a fronteira que separou o estado de Israel e a Palestina árabe tras a partición de 1948.

S2. Que foi o Pacto de Varsovia?

- ☐ Pacto asinado por todas as forzas democráticas polacas en 1988 para apoiar a loita do sindicato Solidariedade contra a ditadura comunista en Polonia.
- ☐ Tamén coñecido como o COMECON (Consello de Axuda Mutua Económica), foi unha organización multinacional que agrupaba á URSS e aos países do leste, coa excepción iugoslava, co fin de fomentar e planificar os intercambios comerciais entre os países do bloque.
- ☐ Alianza militar que uniu a URSS con todos os países europeos do bloque comunista coa excepción de Iugoslavia. Foi creada en 1955. O mando unificado das súas tropas quedou en mans dun xeneral soviético.

S3. A que se denominou Iniciativa de Defensa Estratéxica?

- ☐ Ao acordo asinado en 1972 por Brezhnev e Nixon que supuxo unha importante redución dos arsenais nucleares estratéxicos de ambas as superpotencias.
- ☐ Foi o principal documento estratéxico elaborado en 1949 tras a constitución da OTAN. Planificado no Pentágono, tivo a súa primeira aplicación práctica na guerra de Corea.
- ☐ Nun teatral discurso televisado en 1983, Reagan anunciou o desenvolvemento dunha defensa contra mísiles que garantiría a defensa do territorio norteamericano ante calquera ataque nuclear. Os xornalistas pronto a denominaron "Guerra das Galaxias".

S4. Cando e por que foi erixido o muro de Berlín?

- En 1961 para, basicamente, frear a emigración masiva de cidadáns da Alemaña comunista á RFA. Este éxodo era causado polas diferenzas no nivel de vida e no respecto ás liberdades.
- En 1948 como primeira medida para aplicar o bloqueio de Berlín decretado por Stalin. A ponte aérea aliada permitiu o abastecemento da poboación de Berlín occidental.
- O muro construíuse en 1945 inmediatamente despois da repartición da antiga capital do Reich en catro zonas de ocupación.

2.2 O proceso da descolonización

Unha das principais consecuencias da segunda guerra mundial foi o proceso de descolonización. As antigas posesións dos imperios coloniais europeos accederon á independencia política nun contexto internacional marcado pola guerra fría.

Decenas de novos estados africanos e asiáticos naceron neste período. Xunto aos estados latinoamericanos que se emanciparon do dominio europeo no século XIX, este conxunto de nacións viñeron constituír o que se denominou o Terceiro Mundo, os países subdesenvolvidos.


Estes novos países, onde vivía a maior parte da poboación mundial, enfrontáronse co reto de construír gobernos estables e eficientes, saír do subdesenvolvemento económico á vez que vivían un crecemento demográfico galopante, e, nalgúns casos, definir unha identidade nacional que nunca tiveran.

Así, a partir da finalización da II Guerra Mundial, nos territorios coloniais terá lugar un dobre proceso:

- **O despertar dos nacionalismos** que pretenden conseguir a independencia política respecto ao réxime colonial imposto
- **A revolución social** de carácter popular contra as estruturas tradicionais dominantes.

A Gran Guerra abriu o camiño para o despertar dos pobos colonizados. As novas elites indíxenas, educadas en Occidente e impregnadas das ideas de democracia e liberdade e á vez excluídas dos cargos administrativos e políticos, formarán os cadros dos primeiros grupos nacionalistas. Esta nacente idea nacional estará representada en diferentes figuras que desempeñarán o papel de símbolos: Gandhi apelará á conciencia relixiosa hindú, Burguiba inspirarase no laicismo transformador de Kemal

Ataturk¹, mentres que Ho Chi Minh exporá a revolución comunista xunto á emancipación nacional.

		
Mahatma Gandhi Aínda que foi o artífice da independencia da India (1947), Mahatma Gandhi raramente é evocado por ese logro. En primeiro lugar, porque o máis inspirador da súa figura non reside tanto naquel fin como nos medios, é dicir, nas súas case tres décadas de perseveranza nun activismo pacífico fundado na non violencia e na forza das conviccións. En segundo lugar, porque as súas metas sempre foron moito máis amplas e abarcaron a abolición das castes, a xustiza social, a transformación das estruturas económicas e a concordia entre relixións, designios que converxían no ideal dunha profunda renovación ética e espiritual do ser humano.	Habib ben Alí Bourguiba Líder nacionalista tunisiano e líder do país durante máis de trinta anos. Pai da independencia do seu país. O seu réxime, de partido único e laico, foi o máis occidentalizado e socializante dos países árabes. Estivo encarcerado en varias ocasións, pero contou co apoio dos independentistas tunisianos que, refuxiados nas montañas, mantiveron en xaque ás tropas francesas. En 1954 proclamouse a autonomía interna de Tunicia, e en marzo de 1956, tras as conversacións de Bourguiba con Guy Mollet, novo xefe do goberno francés, asinouse o protocolo de independencia. En 1957 foi elixido presidente da República, unha vez abolida a monarquía, e en 1975 fíxose proclamar presidente vitalicio de Tunicia.	Ho Chi Minh Líder revolucionario Vietnamita (1890-1969). Poeta, político, militar e comunista vietnamita. Primeiro ministro (1945-1955), Presidente (1955-1969) da República Democrática de Vietnam, coñecida como Vietnam do Norte. Figura chave na fundación da República Democrática de Vietnam en 1945, así como o Vietnam (PAVN) e o Viet Cong (VC) durante a Guerra de Vietnam.

A descolonización desenvolveuse de forma moi desigual. Houbo países onde as metrópoles se deron conta da imposibilidade de manter imperios coloniais na segunda metade do século XX e accederon á independencia de forma pacífica, como Marrocos ou Tunicia, houbo tamén emancipacións logradas de forma violenta, como en Indonesia ou Vietnam, e, por último, houbo países que naceron no medio de gravísimos enfrontamentos entre comunidades relixiosas, como foi o caso de musulmáns e hindús na India e Paquistán.

Este proceso será longo, complexo e moi heteroxéneo segundo de que país se trate. Seguindo un criterio xeográfico, podemos falar de tres momentos da descolonización:

¹ **Kemal Ataturk: (Tesalónica, actual Grecia, 1881 - Istambul, 1938)** Militar e político turco, construtor da moderna república de Turquía. En 1922 aboliu o sultanato e en **1923 proclamou a República de Turquía**, da que se erixiu en máximo dirixente. Desde o primeiro momento, a súa política á fronte do goberno estivo encamiñada cara a un único obxectivo, baseado na construción dunha nación turca a imaxe e semellanza dos países occidentais. Para iso, promulgou un decreto a favor da laicización da Administración e introduciu importantes reformas, como a implantación da monogamia, a posta en marcha dun sistema educativo e unha lexislación laicos, así como a introdución do calendario gregoriano e o alfabeto latino. Mustafá Kemal foi **reelixido presidente en 1927, 1931 e 1935. En 1934 a Asemblea Nacional concedeulle o título de «Atatürk» ou «Pai dos turcos».**

<i>Procesos de descolonización</i>  <i>Asia y Oceanía</i> <i>Mundo árabe</i> <i>África Negra</i>		
Descolonización de Asia e Oceanía.	Importancia do nacionalismo árabe. Dúas etapas:	Proceso de descolonización máis tardío.
Nesta zona, o proceso realizouse nun tempo curto, inmediatamente despois do final da II Guerra Mundial. Por que? ▪ Papel desestabilizador do Xapón durante a II Guerra mundial. ▪ Maior tradición histórica, o cal favoreceu a creación de grupos nacionalistas. ▪ Influencia do comunismo chino, no sueste asiático, tras o triunfo de Mao Tse Tung no ano 1949 en China. Gran Bretaña e Francia, son as principais metrópoles coloniais do Sur de Asia e Oceanía. Dúas rexións son as principais no proceso descolonizador desta zona: A INDIA: antiga colonia británica, cuxa descolonización se complicou pola existencia de dúas relixións maioritarias: a hindú e a islámica. Finalmente dividiuse a colonia en dous novos países: A India, de maioría hindú, e Paquistán, de maioría islámica. INDOCHINA: antiga colonia francesa. Tras un conflito armado motivado polo empeño francés en non abandonar a colonia, créanse tres novos Estados: Laos, Camboxa e Vietnam.	▪ Anos 50-60: continuación do proceso iniciado en Asia. ▪ Anos 70: Estados do Próximo Oriente. Zona conflictiva ata a actualidade, con axustes fronteirizos moi importantes.	Por que? ▪ Pouca transcendencia dos movementos panafricanos favorables á descolonización. ▪ Atraso cultural. ▪ Primitivas estruturas sociais do continente. A primeira colonia en acceder á independencia foi Costa de Ouro, antiga posesión británica, que se convertería na República de Ghana (1957), e as últimas foron as portuguesas: Guinea Bissau (1974), Mozambique e Angola (1975). Con todo, a dependencia económica ten continuado nos países africanos e, como noutros países subdesenvolvidos, establecéronse novas formas de colonialismo. A descolonización de África produciuse, case na súa totalidade, entre as décadas de 1950 e 1970. As súas consecuencias explican en gran medida a situación actual do continente: pobreza, conflitos e fame. Esta rápida descolonización trouxo unha serie de problemas: ▪ Inestabilidade política. ▪ Fraxilidade económica.

Pero os grandes colosos que dominaron o Extremo Oriente a partir da década dos cincuenta foron A China e O Xapón, dúas grandes potencias económicas que emprenderon camiños moi diferentes cara á modernización:

- O Xapón cunha política exterior dominada por EE. UU.
- A China cun sistema socialista de partido único semellante ao da URSS.


A descolonización en Oriente Medio. O problema de Israel

A maior parte dos países do Oriente Medio accederan á súa independencia dos imperios europeos antes da segunda guerra mundial. Con todo, unha consecuencia do holocausto xudeu en Europa, a creación do estado de Israel, trastornou completamente a estabilidade da zona alumando un conflito que aínda hoxe segue presente na escena internacional.

As orixes do conflito árabe-israelí

Os antecedentes do contencioso árabe-israelí remóntanse a fins do século XIX co nacemento do movemento sionista. Theodor Herzl, o fundador do sionismo, ante as discriminacións e persecucións que sufría o seu pobo en Europa, propugnou a volta dos xudeus a Israel, a súa terra orixinal. Así, antes da primeira guerra mundial, cando este territorio era aínda parte do Imperio Turco, grupos de xudeus europeos empezan a asentarse de forma pacífica. O holocausto nazi cambiou todo e precipitou o éxodo hebreo a unha terra que estivera poboada durante séculos por árabes palestinos.

Tras a Segunda Guerra Mundial, no mandato británico de Palestina dous pobos enfrontábanse polo control do territorio: un millón e cuarto de árabes palestinos e máis de medio millón de xudeus, vindos na súa maior parte de Europa e, en consecuencia, cun nivel tecnolóxico e económico máis desenvolvido.



Tras meses de sangrentos disturbios, a ONU acordou un Plan para a partición de Palestina o 29 de novembro de 1947. O territorio de Palestina dividiríase en tres partes: un Estado xudeu, un Estado árabe e a cidade de Xerusalén, baixo o control das Nacións Unidas.

A primeira guerra árabe-israelí

O 14 de maio de 1948, o líder israelí Ben Gurion proclamou o nacemento do Estado de Israel nos territorios que lles eran adxudicados pola ONU. A reacción árabe foi inmediata, cando os británicos abandonaron a colonia o 15 de maio, tropas exipcias, xordanas e sirias atacaron ao recentemente nado estado hebreo.

A pesar da desigualdade numérica, a primeira guerra árabe-israelí (maio 1948-xuño 1949) concluíu cunha clara vitoria israelí. O novo estado xudeu pasou a ocupar o 78 % da antiga Palestina, en lugar do 55 % asignado pola repartición da ONU. Os territorios árabes que quedaron fóra do seu control foron anexionados polos Estados árabes veciños: a franxa de Gaza pasou a mans de Exipto e a Cisjordania e a cidade antiga de Xerusalén quedou en poder do reino de Xordania. A guerra foi unha catástrofe para a poboación palestina, que foi expulsada masivamente dos territorios israelís e refuxiouse nos Estados veciños. Os árabes palestinos quedaron como unha poboación sen Estado.

Oriente Medio: A crise de Suez (1956)

O seguinte episodio importante na historia desta axitada rexión do mundo foi a crise internacional provocada pola nacionalización da canle de Suez polo líder exipcio **Nasser**. Esta crise integra o conflito do Oriente Medio na dinámica da guerra fría.

As guerras árabe-israelís (1967 e 1973)

Tras a crise de Suez en 1956, o Exipto de Nasser e, con el, os países árabes **reforzaron os seus lazos coa URSS, mentres que Israel se convertía no aliado estratéxico dos EUA na rexión**. A dinámica política e estratéxica do Oriente Medio pasou a formar parte do enfrontamento global da guerra fría.

Afoute polo éxito diplomático de 1956, e co apoio militar soviético, Nasser multiplicou as súas accións ameazantes contra Israel. En maio de 1967, barcos exipcios bloquearon o golfo de Aqaba, impedindo o tráfico do porto israelí de Eilat co mar Vermello e o Océano Índico. A resposta militar israelí foi fulgurante: **o 5 de xuño de 1967 iniciou un ataque simultáneo contra os países árabes que a circundan, desencadeando a Guerra dos Seis Días**. Nese curto tempo, os israelís ocuparon os Altos do Golán en Siria, a península do Sinaí en Exipto, e a banda de Gaza, Cisjordania e a cidade vella de Xerusalén nos territorios palestinos.

A esmagadora derrota árabe trouxo consigo importantes cambios na escena internacional. **Israel pasou de ser un país asediado a ser unha potencia ocupante**. Negouse a devolver os territorios ocupados, favoreceu que unha nova onda de palestinos se refuxiase nos países veciños e, finalmente, **proclamou unilateralmente a reunificación de Xerusalén, anexionándose a Xerusalén árabe**.

Tras a gran derrota de 1967, a Organización para a Liberación de Palestina (OLP), creada en 1964, converteuse, baixo a dirección de Yasser Arafat, na principal organización do pobo palestino que vivía baixo a ocupación israelí ou nos campos de refuxiados dos países veciños. Fracasado o soño de Nasser da vitoria militar convencional sobre o estado hebreo, a OLP iniciou a loita armada contra Israel.



Yasser Arafat

A esmagadora derrota árabe na Guerra dos Seis Días **lanzara á diáspora a miles e miles de palestinos que se amoreaban en campos de refuxiados nos países veciños**. Desde Xordania, os guerrilleiros de Al-Fatah (A Conquista), organización dirixida por Arafat e maioritaria na OLP, emprenderon ataques contra Israel.

O Tzahal, o exército israelí, respondeu con duras represalias ante o que a poboación israelí consideraba como actos de terrorismo.

Ao mesmo tempo, dentro de Xordania, o crecente poderío das organizacións palestinas puxo en perigo a monarquía xordana. O rei Hussein non dubidou en enfrontarse aos palestinos e, en setembro de 1970, o exército xordano expulsou a gran parte dos refuxiados e as guerrillas da OLP que fuxiron cara ao Líbano. É o que os palestinos denominaron o **"Setembro Negro"**.

Desde as súas bases no Líbano, Arafat e a OLP continuaron os seus ataques contra Israel e conseguiron ser recoñecidos pola ONU en 1974 como **"únicos representantes do pobo palestino"**. De novo, a chegada masiva de palestinos rompeu os delicados equilibrios dunha sociedade



Guerra do Yom-Kipur

complexa como a libanesa. **En 1975 iniciouse unha brutal guerra civil na que as faccións libanesas se enfrontaron entre si.**

O novo líder exipcio que sucedera a Nasser en 1970, **Anuar el-Sadat**, ante a negativa israelí a calquera concesión no referente aos territorios ocupados, comezou a

preparar xunto a Siria unha nova guerra que permitise aos países árabes recuperar o perdido na Guerra dos Seis Días. **O 6 de outubro de 1973, tropas exipcias e sirias atacaron por sorpresa a Israel. Iniciábase a Guerra do Yom Kipur, así coñecida pola festividade relixiosa xudía na que se iniciou o conflito.**

O factor sorpresa permitiu importantes avances árabes: os exipcios cruzaron a canle de Suez e os sirios recuperaron os Altos do Golán. Con todo, dez días máis tarde os israelís contraatacaron recuperando o terreo perdido. As dúas superpotencias que armaran masivamente os seus respectivos aliados, buscaron unha solución ao conflito que non xerara maior inestabilidade na zona. O 25 de outubro de 1973 cesaron as hostilidades.

A Guerra árabe-israelí de 1973 tivo enormes consecuencias. Non só abriu unha nova fase no conflito do Oriente Medio que virá concretarse en 1979 coa firma dos **Acordos de Camp David**², senón que tivo unha enorme repercusión na economía mundial: a crise do petróleo que marcará a fin dunha longa etapa de expansión do sistema capitalista nos países desenvolvidos.

O Oriente Medio (1973-1988)

O período que se abriu tras a Guerra do Yom Kipur foi contradictorio. Por unha banda, a experiencia da guerra levou á firma da paz entre Israel e a principal potencia árabe, Exipto. Por outra, novos focos de tensión abríronse no Líbano, Irán e Iraq. Estas novas crises adiantaron o que ía ser o novo contexto internacional tras a fin da Guerra Fría.

A paz entre Exipto e Israel (1979)

O presidente exipcio Anwar El-Sadat rompeu en 1976 a alianza que Nasser tecera coa URSS e, co patrocínio norteamericano, asinou en 1978 os Acordos de Camp David co líder israelí Menachem Begin. Estes acordos levaron á firma do tratado de paz entre Exipto e Israel en 1979.

Esta paz por separado non trouxo, con todo, a solución ao conflito. Os territorios palestinos continuaron baixo a ocupación israelí e Exipto foi condenado e illado no mundo árabe. Sadat, considerado por moitos árabes e musulmáns como un traidor por asinar a paz con Israel, morreu asasinado en 1981 por un grupo islamita.

² Coñécense como os Acordos de Camp David os que foron asinados polo presidente exipcio Anwar El-Sadat e o primeiro ministro israelí Menachem Begin o 17 de setembro de 1978 tras doce días de negociacións secretas coa mediación do presidente dos Estados Unidos, Jimmy Carter. Exipto e Israel asinaron a paz nos conflitos territoriais entre ambos os países.

A guerra do Líbano (1975-1990)

O mosaico de pobos e relixións que conforma o Líbano non puido illarse da conflitividade da rexión e durante máis de quince anos o país foi escenario dunha cruenta guerra civil entre as múltiples faccións contendentes: ***falanxistas cristiáns, milicias xiítas proiranianas, guerrilleiros palestinos da OLP, milicias drusas...***

Nesa situación caótica, **os milicianos palestinos asentados no Líbano continuaron lanzando incursións contra o norte de Israel**. A resposta do goberno de Tel Aviv foi a **ocupación do sur do país en 1978, e o bombardeo de Beirut en 1982**. Finalmente, o exército israelí conseguiu o seu obxectivo: os guerrilleiros da OLP e o seu líder Yasser Arafat tiveron que abandonar o país. O Líbano, con todo, tardou anos en saír dunha guerra civil que acabou cun país arruinado baixo a hexemonía de Siria.

A revolución islámica en Irán (1979)

A aparición do islamismo, movemento de fronteiras difusas e difícil definición que tamén se denomina **fundamentalismo ou integrismo islámico**, é, sen dúbida, a gran novidade da paisaxe política mundial na fase final do século XX.

En 1968, as protestas estudantís, contaxiadas polos sucesos de protesta en Europa¹⁰, subiron de nivel e chegaron a provocar que o réxime decretase o estado de excepción, no mes de xaneiro de 1969. Os sucesos nos anos posteriores continuaron con menor virulencia ata a fin do réxime.

Costumes e usos sociais: do nacionalcatolicismo á sociedade de consumo de masas

O franquismo detivo a «gran transformación» social que se estaba producindo en España desde os inicios do século XX. Segundo Santos Juliá, a sociedade das dúas primeiras décadas da posguerra española "do primeiro franquismo" caracterizouse por ser unha sociedade **«reprimida, reximentada, recatolizada e autárquica»**.

Unha sociedade reprimida, porque «as novas autoridades se propuxeron erradicar todo o que a sociedade liberal do medio século de restauración e todo o que a sociedade democrática de cinco anos de República vira, mal que ben, xurdir». Sobre a **clase media e a clase obreira** **«caeu un terror sistemático, administrado sen taxa por consellos de guerra ata ben entrados os anos 1950»**.

Unha sociedade reximentada, porque todas as actividades económicas e sociais foron sometidas a un estrito control do «partido único» **Falange Española Tradicionalista y de las JONS** e dos seus organismos dependentes como a **Organización Sindical Española**, a **Frente de Juventudes** ou a **Sección Femenina** que formaron unha «penetrante rede de xefaturas de todo tipo que se estendía sobre o corpo da sociedade».

Unha sociedade recatolizada, porque a Igrexa católica co apoio do novo Estado, especialmente tras a derrota dos fascismos na Segunda Guerra Mundial, **emprendeu unha vasta empresa de recuperación da influencia social perdida a través do control total do sistema educativo e do dominio dos espazos públicos**, «escenarios permanentes de magnas cerimoniais cívicas relixiosas e de procesións».

¹⁰**Maio Francés 1968**: serie de sucesos que tiveron lugar en Francia durante o mes de maio de 1968 e que foron definidos de forma variada: crise, revolta, folga e revolución. Este último termo, con todo, non se aplica en sentido estrito, posto que a situación política quedou simplemente modificada e non transformada por completo.

Unha sociedade autárquica, illada do mundo exterior, na que romperon «todos os vínculos que durante os decenios anteriores tiña establecido un esforzado núcleo da *intelligentsia* española», e cuxo resultado foi no terreo económico **«un longo período de fame e miseria que se traduciu para millóns de españois nun descenso ata alcanzar o nivel de subsistencia»**.

«Esa foi a sociedade que instaurou a ditadura. Medir o dano é imposible; pero é indubidable que foi inflixido a conciencia e con pleno éxito», conclúe Santos Juliá.

Así, «durante os anos sesenta foi conformándose unha nova sociedade española cada vez máis próxima ás súas homólogas de Europa occidental na súa estrutura, composición, características e grao de desenvolvemento e diversificación. Unha sociedade progresivamente instalada na cultura do consumo masivo e o gozo do lecer, cunha renda per cápita de 1.042 dólares en 1960 que se converteu en 1.904 ao termo da década (Italia pasou entón de 1.648 a 2.653 dólares)».

A partir dos anos 60 comeza o boom do turismo en España, afectando sobre todo as rexións mediterráneas (Benidorm experimentou un crecemento espectacular naqueles anos).

Unha das manifestacións da **«gran transformación» foi o cambio nas formas de diversión**. Apareceron os tocadiscos portátiles e a música lixeira triunfou entre a xente nova con grupos como o Dúo Dinámico, Fórmula V, os Bravos... que trouxeron os bailes «soltos». Noutra liña estaba a música do Festival de Benidorm, no que triunfou Julio Iglesias, así como o Festival de Eurovisión, no que Massiel lucía minisaia entoando o seu gañador «La, la, la».

Tamén se abriu paso un novo concepto: o lecer. A súa planificación levábase a cabo nuns folletos que se editaban as fins de semana, chamados *Guías del ocio*. Tamén se **estenderon as vacacións**, cuxo destino principal foron as praias, onde xurdiron novas modas, moi **contrarias á moral tradicional**. En 1962 os españois puideron ver por primeira vez no cinema un bikini, o que lucía Ursula Andress (na película *James Bond contra o doutor Non*). Nas piscinas do interior o bikini tardou máis en estenderse, chegándose a producir un **motín de mulleres en Zaragoza** que a prensa chamou a Guerra dos bikinis. As costas bautizáronse con nomes atractivos para chamar a atención dos turistas, como Costa Brava, Costa del Sol, Costa Dorada, Costa Blanca, Costa del Azahar, Costa Verde ou Costa de la Luz. Para acoller ao crecente turismo, comezaron a construírse hoteis e apartamentos.

Doutra banda, **as corridas de touros, bautizadas como a «Festa Nacional»**, pasaron a un segundo plano grazas a un deporte en auge, **o fútbol (deporte de masas, utilizado polo franquismo...)**. Mesmo se chegou a fabricar un sucedáneo, o futbolín, que causou furor ata entre os propios futbolistas, aínda que o seu inventor, Alejandro Finisterre, non o creaba con este fin, senón para rehabilitar a nenos mutilados nun sanatorio.

As mulleres durante a ditadura franquista

As mulleres tamén foron **vítimas da represión franquista**. Máis de cen foron sentenciadas a morte polos consellos de guerra e executadas, boa parte delas en Madrid e en Andalucía, -o caso máis coñecido foi o **das Trece Rosas**, fusiladas en agosto de 1939- e *moitas esposas, viúvas, irmás ou fillas de republicanos foron humilladas e castigadas «co pelado ao cero, a purga, a marcha polas rúas do pobo e a espoliación dos seus bens»*.

A política do réxime franquista respecto das mulleres supuxo un enorme retroceso respecto da República xa que se propuxo **impoñer o modelo de familia católica tradicional baseado na total subordinación da esposa ao marido e volver reducilas ao ámbito doméstico «o regreso da muller ao fogar»**, díxose; tal como se proclamou no Foro do Traballo de 1938: *«liberar a muller casada do taller e da fábrica»*. Así, **dificultouse o seu acceso ao ensino e á vida profesional e laboral e abolíronse ou restrinxíronse os seus dereitos, tanto no ámbito público como no privado**, por exemplo, **volveuse ao Código Civil de 1889** e á antiga Lei de Axuizamento Criminal, que sancionaban a **inferioridade xurídica** das mulleres.

Puxéronse innumerables obstáculos ao traballo das mulleres, especialmente das casadas, establecéndose restricións para a súa inscrición nos rexistros de colocación e esixíndose a **autorización do marido para poderen ser contratadas**. Ademais, en



Placa conmemorativa das Trece Rosas, no cemiterio da Almudena de Madrid

numerosas ordenanzas laborais estipulábase que *a muller, en canto casaba, tiña que deixar o seu traballo, sendo compensada cun dote*. Cumpría unha función similar o chamado «plus familiar», establecido en 1945, que era unha axuda económica cuxa finalidade era «fortalecer a familia e a súa tradición cristiá, a sociedade perfecta e o cimento da Nación». Ademais, *impediuse por lei o acceso das mulleres a boa parte*

dos corpos da Administración pública, especialmente aos superiores como avogado do Estado, xuíz, fiscal, diplomático, rexistrador da propiedade, notario, inspector de traballo, axente de cambio e bolsa etc.

Con todo, estas medidas non puideron evitar que as mulleres traballasen, por «evidentes razóns de subsistencia familiar», pero **sempre cobrando salarios máis baixos que os dos homes entre un 30 e un 50 %**. E tamén participaron nos conflitos laborais ás que, segundo un delegado provincial da **OSE**¹¹, «por razóns do seu sexo e especial maneira de reaccionar, é difícilísimo convencer con razóns, nin discutilas con argumentacións». Doutra banda, moitas recorreron ao estraperlo (comercio ilegal), cambiando produtos manufacturados por elas mesmas por alimentos. O comercio ilegal estaba considerado un delito e carrexaba penas de cárcere e multas.

As mulleres son as que articulan as comunidades, aínda agora. Aspectos da división sexual do traballo, como o coidado dos fillos ou a responsabilidade sobre a economía do fogar, facilitan a aparición de redes. As mulleres encargábanse do estraperlo, dos traballos de axuda mutua no campo... Hai que ter en conta que moitos homes emigraran e elas quedaron cos fillos. Ademais, as mulleres gardan a memoria da tradición da loita agraria.

Tomado de Araceli Freire, historiadora; achegou unha perspectiva sobre o estudo do papel protagonista da muller no seu libro "O monte é noso. As mulleres e a conflitividade social no medio rural galego durante o franquismo".

En 1937 creouse o Servizo Social da Muller, liderado por Mercedes Sanz Bacharel e Javier Martínez de Bedoya, para conseguir man de obra feminina gratuíta; era obrigatorio para mulleres solteiras de idades comprendidas entre os 17 e os 35 anos e desenvolvería labores en hospitais, comedores... As mulleres de clase media e alta traballaban na Acción Católica, asistindo aos desfavorecidos da clase obreira e visitando aos vencidos na guerra.



"Axenda por meses, por semanas, por días e horas; o traballo que debe desenvolver unha muller para ter sempre a súa casa a punto. Segundo o plan: en **xaneiro**, a ama de casa debe dedicarse a contar e repasar a roupa e, se os seus medios llo permiten, ir repoiñendo tanto o gastado como o saqueado por «los rojos». En **febreiro**, ordenar os armarios e caixóns da casa e cambiar os papeis, ou sacudir as teas se están forrados. En **marzo**, debe limpar madeiras, chans, tapices, teitos e lámpadas. En **abril** as cortinas e almofadas. En **maio**, aprovisionarse de carbón e leña. En **xuño**, repasar almofadas, mantas e colchóns, mallar a la dos seus recheos e lavar as súas fundas. En **xullo e agosto**, a muller debe aproveitar as vacacións para facer traballos de costura e punto, pero tamén para dar un pequeno repaso á cultura «seguramente balorenta nos meses de inverno». En **setembro** deben poñer en orde todo para a volta ao colexio: repasar a roupa dos rapaces e comprar o material escolar. En **outubro**, sacar os vestidos do outono, que estarán preparados, e gardar os de verán. En **novembro** sacar as peles. E en **decembro**, poñer o nacemento e estudar o orzamento de ano novo"

Guía da boa esposa publicada pola Sección Feminina.¹²

¹¹OSE: Organización Sindical Española, sindicato vertical español que existiu durante a Ditadura.

¹²Moi interesante o visionado desta páxina:

<http://www.rehueong.com.ar/sites/default/files/Gu%C3%ADa%20de%20la%20buena%20esposa.pdf>

O comportamento e a actitude das mulleres foi obxecto de especial vixilancia e non foron infrecuentes as condenas de mulleres por condutas consideradas «moralmente inaceptables», o que levaba normalmente á humillación e á marxinação. Non só eran excluídas as mulleres «adúlteras» ou as que abortaran, senón tamén as que foran vítimas de violacións ou de abusos sexuais. Para levar a cabo este labor de *control da moralidade feminina creouse o chamado Padroado de Protección á Muller, dentro do Ministerio de Xustiza, cuxo obxectivo era defender «os bos costumes» e atender «as vítimas do vicio», buscando o seu «arrepentimento e recristianización».*

Así mesmo, desempeñou un papel importante na fixación do status subordinado das mulleres a Sección Feminina. A revista da Sección Feminina, liderada por Pilar Primo de Rivera, ensinaba ás mulleres a comportarse, sempre supeditadas ao home, sen dereitos, sen opinións, só submisión.

A Igrexa católica, pola súa banda, esforzouse en impoñer os valores tradicionais tanto no ámbito privado como público, preocupándose especialmente por vixiar e condenar calquera comportamento ou actitude das mulleres que puidese dar lugar a «pecaminosas intencións». Así, aplaudiu a abolición da coeducación nas escolas e tamén se propuxo, e en parte logrouno, a separación por sexos nas piscinas e nas praias e que se utilizasen determinados tipos de traxes de baño e albornoces despois do baño. En 1951 chegouse a celebrar o primeiro «Congreso nacional de moralidade en praias, piscinas e marxes de ríos». Tamén foron obxecto de preocupación dos eclesiásticos o vestido feminino -para o que deron severas instrucións sobre saias, mangas, escotes ou medias- e os bailes «modernos», «raíz de incontables pecados e ofensas contra Deus», segundo o bispo de Eivissa, e «feira predilecta de Satanás», segundo o cardeal Pedro Segura, arcebispo de Sevilla.

A situación das mulleres comezou a cambiar na década dos 50 e sobre todo nos anos sesenta como consecuencia das transformacións económicas e sociais que supuxeron «un progresivo incremento do traballo asalariado legal das mulleres, así como un maior acceso aos niveis medios e altos da educación. E todo iso comportou cambios nas propias estruturas familiares, o incremento da presenza das mulleres nas esferas públicas e unha maior difusión de novos modelos e valores propiciados polo discurso oficial franquista».

Aínda así, o código penal castigaba duramente a muller que cometía adulterio, mentres que nos homes só era delito se se trataba de amancebamento. O artigo 416 do código penal castigaba con arresto maior ou multa a todos aqueles que

indicasen, vendesen, anunciasen, fornecesen ou divulgasen calquera medio ou procedemento capaz de facilitar o aborto ou evitar a procreación. Con todo, no caso de aborto, contemplábase a redución da condena se se alegaba a deshonra que supoñía para a familia unha nai solteira.

En 1961 aprobouse a Lei sobre Dereitos Políticos, Profesionais e Laborais da Muller, que acababa coa discriminación salarial e de acceso ao traballo, aínda que continuaba en vigor a necesidade da autorización do marido. Esta obriga mantívose ata 1976, cando entrou en vigor a Lei de Relacións Laborais. En 1973, como preparación ao Ano Internacional da Muller, 1975, chegou a excepción discriminatoria: o goberno deu o cargo de *jefas locales del Movimiento* (actual alcaldesas) a sete mulleres, as primeiras e únicas alcaldesas da ditadura.

2.5 A Transición política de España cara á democracia

A Transición. A Constitución de 1978 e o Estado das autonomías. Os gobernos democráticos e a integración en Europa

A transición política en España comezou tras a morte do xeneral Franco en novembro de 1975 e consistiu o cambio pacífico (*aínda que cheo de incógnitas e dificultades*) desde unha ditadura a unha democracia.

O novo réxime

Factores favorables ao cambio	Obstáculos ao cambio
Evolución socioeconómica e cultural de España desde os anos 60.	Crise económica e enerxética mundial (1973).
Desaparición doutras ditaduras militares (Portugal e Grecia).	Terrorismo de ETA.
Papel do rei Xoán Carlos I e dun equipo de políticos reformistas (Luca de Tena e Suárez).	Intentos de golpes de estado (23 de febreiro de 1981).
Actitude conciliadora da oposición política e o desexo de paz e liberdade de toda a sociedade española.	

O novo réxime político asentouse sobre novas bases:

- Os Pactos da Moncloa.
- A Constitución de 1978.
- Os Estatutos de Autonomías.
- A integración en Europa.

Desde o 20 de novembro de 1975, data da morte do xeneral Francisco Franco, ata a actualidade transcorreron catro décadas que constitúen o período da Transición e da España democrática. Os sucesivos gobernos desta etapa coordinaron o desenvolvemento institucional e económico da sociedade española na súa historia recente. Desde as primeiras eleccións democráticas ata as actuais, sucedéronse varias lexislaturas:

- Unión de Centro

Democrático (1977-1982), Adolfo Suárez/Leopoldo Calvo Sotelo.

- Partido Socialista Obrero Español (1982-1996), Felipe González Márquez.
- Partido Popular (1996-2004), José María Aznar López.
- Partido Socialista Obrero Español (2004- 2011), José Luis Rodríguez Zapatero.
- Partido Popular (2011 ata actualidade), Mariano Rajoy Brey.

A "Transición" iníciase tras a morte de Franco e a proclamación como rei de Xoán Carlos I en 1975 e pódese dar por terminada en 1982, coa chegada ao poder do primeiro goberno socialista desde a Segunda República.

Xoán Carlos I nomea presidente de goberno a Adolfo Suárez, un home cun firme compromiso co retorno á democracia. Non hai que esquecer en absoluto o papel protagonista da sociedade civil que, a través da súa mobilización e do seu voto, marcou o camiño para conseguir a implantación dun sistema democrático, pero sen unha ruptura radical co pasado.

Esta canción do grupo andaluz Jarcha foi inicialmente destinada a anunciar a saída á rúa do Diario16 en 1976, pero foi prohibida. Con todo, axiña chegou a converterse nunha especie de himno deste período histórico dos inicios da Transición.

LIBERTAD SIN IRA

Dicen los viejos que en este país
hubo una guerra
y hay dos Españas que guardan aún
el rencor de viejas deudas.
Dicen los viejos que este país necesita
palo largo y mano dura
para evitar lo peor.

Pero yo sólo he visto gente
que sufre y calla, dolor y miedo.
Gente que sólo desea
su pan, su hembra y la fiesta en paz.

Libertad, libertad
sin ira libertad
guárdate tu miedo y tu ira.
Porque hay libertad
sin ira libertad
y si no la hay sin duda la habrá.

Dicen los viejos que hacemos
lo que nos da la gana
y no es posible que así pueda haber
Gobierno que gobierne nada.
Dicen los viejos que no se nos dé
rienda suelta
que todos aquí llevamos
la violencia a flor de piel.

Pero yo sólo he visto gente
muy obediente, hasta en la cama.
Gente que tan sólo pide
vivir su vida, sin más mentiras y en
paz.

Libertad, libertad
sin ira libertad
guárdate tu miedo y tu ira.
Porque hay libertad
sin ira libertad
y si no la hay sin duda la habrá.

A España democrática. Os Pactos da Moncloa

Unha vez legalizado o Partido Comunista (abril 1977), o goberno reuniuse coa




oposición política e os sindicatos e acordou unha serie de medidas económicas dirixidas a reducir a inflación, reequilibrar a balanza de pagos e sanear a economía. Os acordos foron asinados no Palacio da Moncloa o 27 de Outubro de 1977.

Con todo, o agravamento da crise do petróleo, o aumento do paro e o déficit exterior dificultou o éxito de ditas medidas. Os primeiros anos da década dos oitenta caracterizáronse en materia

económica polo paro, a inflación, o déficit público, a débeda exterior e a reconversión industrial.

Durante algún tempo, España viviu os efectos do "desencanto" pola democracia.

A Constitución de 1978



- A **Constitución** é a lei fundamental dun Estado (Carta Magna).
- Recolle os dereitos e deberes da cidadanía.
- Fixa e regula o sistema de poder.
- Define os órganos do Estado, as súas funcións e a organización territorial.
- É a base do sistema legislativo posterior.

As Cortes xurdidas tras as eleccións de 1977 ven a necesidade de crear un novo texto constitucional, pero compartido por todos, o que se denomina unha política de "consenso". Créase así unha comisión

con sete representantes de diferentes partidos políticos ("os pais da Constitución") que presentan un anteproxecto ás Cortes en xaneiro de 1978. O texto é aprobado o 31 de outubro de 1978 polo Congreso dos Deputados (325 votos a favor, 6 en contra e 14 abstencións) e máis adiante polo Senado.

O 6 de decembro de 1978, o pobo español aproba en referendo o texto constitucional (87 % dos votos a favor). O rei sanciona, finalmente, o novo marco legal (27 de decembro de 1978).

A nova Constitución definía España como "un Estado social e democrático de Dereito", cuxa forma política era a monarquía parlamentaria. Baseábase nos principios de igualdade, liberdade e pluralismo político, e recoñecía e garantía dereitos individuais denegados durante o réxime franquista.

Os Gobiernos da democracia

Os diferentes partidos que conseguiron acceder ao goberno na España recente desenvolveron a súa política ao redor dunha serie de temas comúns:

- Un proceso de descentralización administrativa e política a través do desenvolvemento autonómico.
- A consolidación dun estado social (pensións, educación e sanidade universais) e de dereito (liberdades políticas e individuais).
- Loita polo reto da modernización do país (infraestruturas, investigación etc.).
- A adaptación da economía española a unha economía de mercado máis aberta e globalizada (especialmente difícil en períodos de crises).
- A loita contra o terrorismo, en especial contra ETA (pero tamén contra GRAPO, grupos islamitas ou a extrema dereita).
- Un proceso de apertura ao exterior, en especial a integración en Europa.

Os Estatutos de Autonomía

O sistema político centralista e a tradicional organización territorial de España en provincias deron paso a un Estado descentralizado baseado nas comunidades autónomas segundo o establecido na Constitución.

O País Vasco e Cataluña foron os primeiros territorios en conseguir un Estatuto de Autonomía no ano 1979. O Estatuto da autonomía de Galicia aprobouse en 1981, xa que o de 1936 non se chegou a poñer en vigor polo Golpe de Estado e conseguinte Guerra civil.

Ao longo da década dos anos oitenta, outros territorios do Estado español lograrían os seus respectivos estatutos autonómicos, avalados desde 1982 pola Lei Orgánica para a Harmonización do Proceso Autonómico (LOAPA).

Este proceso foi complexo e difícil por distintos motivos:

- **Falta de consenso** entre as reivindicacións nacionalistas e as propostas do goberno central.

- **Dificultade de chegar a acordos económicos.**
- **Oposición dos sectores máis conservadores** da sociedade española ao entender que se **atacaba á "unidade da Patria "**.
- As actuacións violentas do **grupo terrorista ETA** no caso vasco.

A Integración en Europa

Democratizar España tamén significaba europeizala e equiparala co resto do mundo occidental, por iso é polo que un dos principais obxectivos dos primeiros gobernos democráticos foi a integración de España na Comunidade Económica Europea.

A morte do ditador renovou as esperanzas de adhesión a unha Comunidade que fora un grande éxito económico. As negociacións para a adhesión iniciáronse en 1979 durante o goberno de UCD. O proceso foi complexo. As dúbidas sobre a solidez do sistema democrático español (golpe de Tejero en 1981) e, sobre todo, a apreensión de determinados países ante a posible competencia dos produtos españois dilataron as negociacións.

Despois de realizar importantes axustes económicos (reconversión, despedimentos, privatizacións...) e tras un longo e complexo proceso diplomático, o 12 de xuño de 1985 España asinou o tratado de integración na Comunidade Europea con efecto desde o 1 de xaneiro de 1986. Desde entón produciuse un verdadeiro ascenso económico que situou España entre os dez países máis ricos do mundo (segundo o seu produto interior bruto).

O vello anhelos de integración en Europa converteuse en realidade.

A nova sociedade española

Demografía

A partir de 1978 prodúcense cambios no movemento natural da poboación española; a forte crise económica, a incorporación masiva da muller á esfera pública e os novos modelos familiares fan que España chegue a ter unha das taxas de fecundidade máis baixas do mundo. Iso, unido a unha das esperanzas de vida máis elevadas, provocou un rápido envellecemento da poboación, aínda non moi acusado hoxe en día, por mor de que se partía dun modelo inicial aínda novo.

Respecto dos movementos migratorios, diminúen os internos entre comunidades autónomas e pásase, en poucos anos, de ser un país emisor de emigrantes a outro onde os inmigrantes son xa unha parte estatisticamente importante da poboación do Estado.

Novas pautas sociais

As transformacións que afectaron a sociedade española desde a Transición foron espectaculares:

- Constituíuse un **modelo de sociedade postindustrial**: dominio do sector servizos, importancia das clases medias, sociedade de consumo.
- **Consolidouse o estado de benestar** (sanidade, pensións, política social). A cambio, **seguen existindo bolsas de pobreza e un paro case estrutural**. A transformación chegou tamén ao modelo familiar (divorcio, matrimonio civil, familias monoparentais, e, xa máis avanzado o tempo, matrimonios homosexuais: 2005, Lei do matrimonio homosexual. José Luis Rodríguez Zapatero. PSOE).

España pasou de ser un país de emigración a outro de inmigración, converténdose en moi pouco tempo nun **país multicultural**.

Unha sociedade secularizada, onde a Igrexa perdeu importancia, pero segue a ser un Estado aconfesional, non laico.

Cambio do papel da muller: se a igualdade formal é clara, o proceso cara á igualdade real está a producirse máis lentamente, pero de maneira firme (a brecha salarial e a violencia machista aínda impiden falar de "igualdade real").

A cultura

Dous elementos podemos destacar á hora de analizar a cultura da España recente. En primeiro lugar, o intento de identificar os acenos da identidade española a través da recuperación de voces silenciadas, no exilio ou apagadas pola rixidez cultural do franquismo (*Guernica* de Picasso, Alberti, García Lorca, Miguel Hernández etc.) e crear un novo modelo, sempre enraizado no noso pasado común e máis acorde cunha España moderna e democrática.

En segundo lugar, o logro das liberdades individuais e colectivas provocou unha auténtica explosión cultural, que abarcou todos os ámbitos (música, cinema, pintura, cómic etc.) e a moitos territorios do Estado. A "Movida" madrileña foi un movemento "pop" xurdido a finais dos setenta e relacionado coa noite, cun gran interese pola cultura alternativa.

Actividade resolta

S10. Defina brevemente os seguintes conceptos

▪ Autarquía	
▪ <i>Estraperlo</i> (mercado negro)	
▪ Desenvolvementismo	

Actividades propostas

S11. Relacione mediante frechas estes conceptos coa súa definición:

Xeneralísimo
FET y de las JONS
Fuero dos Españois
Central Nacional Sindicalista

Sindicato vertical, o único permitido en España.
Lei que recollía dereitos e deberes dos españois
Título de Franco como xefe supremo dos exércitos
Partido único do réxime, cuxo xefe era Franco.

S12. Visite a seguinte web e realice as actividades:

<http://www.tiching.com/88250/>

– Que coñecemos como a "longa noite de pedra"?	
– Cal era a situación da lingua galega durante o franquismo?	
– Que importancia tivo a Editorial Galaxia no rexurdimento da cultura galega?.	

S13. Sinala o partido gobernante e o presidente en cada un destes períodos da democracia española:

	Presidente	Partido gobernante
1982-1996		
1996-2004		
2004-2011		
2011-2015		

3. Actividades complementarias

S14. De acordo co seguinte texto, responda as cuestións:

LEI DE SUCESION NA XEFATURA DO ESTADO. Do 26 de xullo de 1947, modificada pola Lei Orgánica do Estado do 10 de xaneiro de 1967 (Decreto 779/1967, do 20 de abril. BOE do 21 de abril). De conformidade coa aprobación das Cortes e coa expresión auténtica e directa da vontade da Nación, dispoño:

Artigo primeiro

España, como unidade política, é un Estado católico, social e representativo, que, de acordo coa súa tradición, declárase constituído en Reino.

Artigo segundo

A Xefatura do Estado corresponde ao Caudillo de España e da Cruzada, Xeneralísimo dos Exércitos, Don Francisco Franco Bahamonde.

- Que tipo de estado é España segundo o **artigo primeiro** da Lei?

- ☐ Unha República
- ☐ Un Reino
- ☐ Unha Ditadura Militar

- Indique se a seguinte información é verdadeira ou falsa e razoe a resposta:

"Pese a que o artigo primeiro da Lei de Sucesión da Xefatura do Estado, declara que España é un reino, non se concede a Xefatura do Estado a un monarca, senón a Francisco Franco. Na Lei non se nomea monarca nin se menciona a ningunha familia real"

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

- Con que termo ou título se referían ao xeneral Franco durante a súa ditadura en alusión ao seu liderado? Explíqueo.

- ☐ A Franco denominóuselle "Caudillo pola graza de Deus" adaptando o grao á voz alemá de Führer e mais á Italiana de Duce.

- A que se refire o termo de "cruzada" utilizado no artigo segundo da Lei?

- ☐ A propaganda franquista tiña presentado a guerra civil española como unha "cruzada", na que o bando "nacional" buscaba a rexeneración moral, política e relixiosa de España.
- ☐ A propaganda franquista buscaba obter fondos da igrexa católica para expulsar a todos os musulmáns de España.

S15. Responda as seguintes cuestións e, no seu caso, emparelle correctamente os termos destas dúas columnas:

- As primeiras eleccións na España posterior á Ditadura, en que ano se produciron?

☐ 1975

☐ 1977

☐ 1978

S16. Cales son as principais características do período da autarquía económica durante o franquismo

☐ Intervención do Estado

☐ Autosuficiencia económica

☐ Capitalismo liberal

4. Resumo de contidos

- A chamada Guerra Fría foi unha carreira armamentista e unha guerra estratéxica, un enfrontamento político, económico, enerxético e ideolóxico onde participaron todos os países a nivel mundial divididos en dous grandes bloques: o occidental e capitalista, que contaba con Estados Unidos como líder, e o oriental e comunista, liderado pola Unión Soviética.
- As causas principais deste conflito foron políticas e buscábase a implantación do seu propio modo de goberno e modelo económico a nivel mundial.
- Sitúase xusto despois da Segunda Guerra Mundial, as datas concretas serían entre 1947 e 1991, nun ambiente de vencidos, pero non derrotados, vencedores, pero non satisfeitos, e moita tensión a nivel internacional. Desenvolvéronse pequenos e variados focos de tensión e guerras concretas.

Fases da Guerra fría

- A primeira, chamada de máxima tensión, vai de 1947 a 1953, na que se suceden dous acontecementos importantes, a crise de Berlín en 1947 e a Guerra de Corea entre 1950 e 1953.
- A segunda fase, chamada coexistencia pacífica, vai de 1953 a 1963, onde sucederon feitos transcendentales como a perda do monopolio nuclear por parte de Estados Unidos, a morte de Stalin (presidente do consello de ministros da Unión Soviética) ou a chegada ao poder nos Estados Unidos de Eisenhower. Ademais, iníciáanse varias negociacións a nivel internacional, pero os conflitos non cesan (Guerra do Vietnam, 1955-1975, e crise dos mísiles en Cuba no 1962).
- A terceira fase, chamada período de distensión, vai de 1963 a 1979, na que se tenta frear a carreira armamentista por medio dos acordos SALT I e SALT II, o que axuda a diminuír a tensión entre Estados Unidos e a Unión Soviética. Prodúcese unha serie de golpes de Estado militares ao longo da rexión latinoamericana.
- A cuarta fase, chamada rebrote da Guerra Fría, vai de 1979 a 1989 e caracterízase polo reinicio da carreira armamentista, o que volve xerar gran tensión mundial. Dáse a invasión soviética en Afganistán (1979). Ronald Reagan sobe ao poder en Estados Unidos en 1981, mentres que Mikhail Gorbachev o fai en 1985 na Unión Soviética e introduce a *perestroika* e a *glásnost*, un par de

reformas económicas e políticas que buscaban anovar o sistema socialista.

- A quinta fase, a fin da Guerra Fría, de 1989 a 1991. A Unión Soviética abandona Afganistán. Unha revolución popular en Alemaña termina coa caída do muro de Berlín e a reunificación de Alemaña. Comeza a caída de diversos réximes comunistas en Europa do leste. En 1991 desintégrose a Unión Soviética, e con iso finaliza o conflito.
- As consecuencias da Guerra Fría foron, principalmente, a disolución da Unión Soviética, a caída dos réximes comunistas do bloque do leste de Europa e a consolidación do capitalismo a nivel mundial como sistema económico.
- A nivel territorial obtivéronse diversas independencias como consecuencia directa da caída da Unión Soviética, os Estados que xurdiron foron: Estonia, Letonia, Lituania, Casaquistán (Kazakhstan), Kirguizistán, Uzbequistán, Taxiquistán, Turcomenistán (Turkmenistán), Ucraína, Bielorrusia, Moldavia, Xeorxia, Armenia e Azerbaixán; ademais, Alemaña reunificouse e Checoslovaquia, pola contra, dividiuse.

Descolonización

1. O concepto de descolonización

- Conxunto de procesos de independencia das colonias europeas con poucos elementos comúns entre si (América, Asia, África).
- A maior parte produciuse tras a II Guerra Mundial.

2. Os anticolonialistas e os seus apoios

- Problemas dos movementos nacionalistas desde o período de entreguerras.
 - Buscaron o abandono do control dos brancos (pacífica e violentamente).
 - A aspiración era formar un Estado-nación como a metrópole, pero non foi así.
 - Para sobreviviren tiñan que imitar as institucións e prácticas da metrópole.
 - Os movementos políticos de independencia eran occidentais dirixidos por minorías.
 - As masas necesarias para a independencia eran tradicionais, relixiosas e analfabetas (diferenza entre as elites e o pobo).
- Os movementos independentistas servíronse da Primeira Guerra Mundial para os seus obxectivos:

- A guerra debilitou aos europeos, desaparición do imperio turco e oposición dos EUA á existencia das colonias.
- A revolución rusa divulgou unha mensaxe antiimperialista.
- Crise económica do 29 que afectou especialmente as colonias (provedoras), achegamento das masas ás elites nacionalistas.
- A Segunda Guerra mundial demostrou a inviabilidade dos imperios coloniais (especialmente en extremo oriente).

3. A descolonización en Oriente Medio. O problema de Israel

3.1 A formulación da descolonización

- Foi a primeira zona que logrou a independencia.
- En 1914 tiña os seguintes trazos:
 - Maioría de pobos árabes (non árabes nos límites da zona --> turcos e persas); os árabes non tiñan un Estado propio e estaban divididos dentro do Imperio Británico.
- Imperio Turco e Persia.
 - Importancia xeoestratéxica e económica da zona (fronteira coa URSS, Suez e petróleo).
- Tras a Primeira Guerra mundial buscaron apoio árabe e xudeu --> nin británicos nin franceses cumpriron as súas promesas, repartiron a zona entre eles, todos independentes tras a II Guerra Mundial (excepto Palestina).
- Apareceron países como Siria, Iraq, Transjordania, Arabia Saudita e Exipto.
- En Palestina autorizouse a inmigración masiva de xudeus de Europa. Houbo enfrontamentos árabe-palestinos (non se chegou á división de Palestina para evitar o agravamento).
- En Turquía e Persia houbo revolucións de tipo occidental para modernizar os países.
 - Turquía: república nacionalista (laica) con Mustafá Kemal, Attaturk.
 - Persia ou Irán: monarquía autoritaria con Reza Pahlevi (o xa).

3.2 A evolución da área

- Turquía e Irán eran réximes laicos e prooccidentais.
- Turquía vinculouse á OTAN, occidentalizándose e modernizándose.
- O réxime iraniano derrubouse en 1979 por mor da revolución fundamentalista islámica.

- Mundo árabe dividido en estados artificiais (polas reparticións coloniais).
- A maioría eran monarquías case feudais controladas por occidente.
- Desde os 50 moitos disturbios, revolucións populares ou golpes de estado. Repúblicas Nacionalistas (exemplo de Gamal Abdel Nasser).
- Estes novos réximes mostráronse hostís aos EUA por:
 - Desexos de independencia e maior autonomía.
 - Nacionalización dos recursos básicos para a economía do país (ocasionalmente buscaron o apoio da URSS).
- **OPEP** (Organización de Países Exportadores de Petróleo).
 - Resentimento cara a Occidente pola súa postura ante a creación do Estado de Israel.

3.3 O conflito árabe israelí

- Palestina como foco de conflito do mundo árabe e dos máis importantes para o resto.
- Presión dos xudeus para establecérense en Palestina (oposición británica).
- División da zona pola ONU en 1947 --> dúas zonas, unha israelí e outra musulmá (Xerusalén baixo control internacional).
- Gran Bretaña abandonou a zona en 1948.
- Plan da ONU aceptado polos xudeus (apoio internacional) e rexeitado polo musulmáns = conflito inminente.
- Do 14 ao 15 de maio de 1948 proclamouse o Estado de Israel con capital en Tel Aviv, con catro importantes conflitos desde entón:
 - Guerra de 1948/49: Exipto, Xordania, Iraq, Siria, Líbano e os palestinos contra Israel.
 - Crise de Suez de 1956.
 - Guerra dos Seis Días (1967). Israel apoderouse do Sinaí, Gaza, Cisjordania e os altos do Golán.
 - Guerra do *Yom Kipur* de 1973. Ataque sorpresa de Siria e Exipto (sen éxito).
- As guerras supuxeron a consolidación de Israel como Estado (sen recoñecemento total).
- Ademais estaban os árabes palestinos (expulsados por Israel) refuxiados en campos.
- Os palestinos que quedaron en Israel manteñen os enfrontamentos.

- Os palestinos crearon a OLP (Organización para a Liberación de Palestina) en 1964. Obxectivo: crear un espazo palestino (a través de métodos violentos).
- **Desde 1973 os conflitos pasaron a ser palestino-israelís:**
 - Invasión do Líbano por Israel en 1982.
 - **Primeira *intifada*** (rebelión popular) en 1987 en Gaza e Cisjordania.
- Nos anos 90 a OLP abandonou o terrorismo. Plan de Conferencia de Madrid (1991) Isaac Rabin e Yasser Arafat: paz a cambio de territorios.
- Autonomía de Gaza e Xericó en 1993, pero retroceso da paz desde 1995 (asasinato de Rabin).
- Segunda *intifada* en 2000.
- O conflito continúa.

4. A descolonización en Asia. O caso da India

4.1 Aspectos xerais

- Características particulares:
 - Independencia máis tardía que en Oriente Medio (desde 1945).
 - A presenza europea era moito maior. Proximidade da URSS.
 - Dous imperios antigos que non foron colonias europeas (A China e O Xapón).
 - Influencia dos partidos comunistas locais na independencia; preocupación dos EUA, que tratou de substituír as antigas metrópoles.
- Distínguense dúas zonas:
 - Asia Central, coa presenza da India Británica.
 - Asia Oriental, coa presenza da China comunista e O Xapón.

4.2 A India e Asia central

- A India como núcleo fundamental do Imperio Británico rodeado de estados-tapón: Afganistán, o Tíbet e Tailandia.
- Poboación numerosa e heteroxénea. Formación de partidos políticos.
- Tras a Segunda Guerra mundial acelerouse a independencia, aínda que non se puido manter a unidade da India.
- Independencia en 1947 para A India (hindú) e o Paquistán (musulmán).
- Estalou unha guerra civil entre hindús e musulmáns:
 - Musulmáns: fuxida cara a territorio musulmán (dividido en dous).

- Hindús: fuxida desde Paquistán á India.
- A India: estado laico e parlamentario, neutral na Guerra Fría, pero con enfrontamentos internos:
 - Relixiosos.
 - Nacionalistas.
 - Sociais.
- Paquistán: Estado islámico, controlado por militares, aliñado con EUA.
 - En 1971 independizouse Bangladesh (Paquistán Oriental).
- O resto de colonia británica da zona tamén se independizou en 1948.

4.3 Asia oriental

- Invasión xaponesa durante a Segunda Guerra mundial. Presenza de milicias comunistas.
- Occidente apoiou os gobernos nacionalistas (controlados por eles) contra os comunistas apoiados pola China desde 1949.
- EUA apoiou as iniciativas contra o comunismo en todos os territorios.
- Moitos problemas tivo Países Baixos con Indonesia, que alcanza a independencia en 1949 (ditadura ata 1998).
- Independencia de Malaisia (do Reino Unido) tras conflitos entre malaios e chineses. Separación de Singapur.
- Guerra en Indochina, guerrillas comunistas contra os franceses (derrota en 1954), independencia de Laos, Camboxa e división de Vietnam.
- Os EUA substituíron os franceses na guerra contra o comunismo. Guerra de Vietnam.
- Derrota estadounidense e control comunista da zona (con conflitos ata a actualidade).

5. A descolonización en África

- Singularidades:
 - Apenas houbera Estados independentes importantes antes de 1945 nin imperios milenarios.
 - Estrutura tribal na África negra e cultura árabe na zona mediterránea.
 - Nacionalismo e comunismo débil ao sur do Sahara nun principio.
 - Independencias tardías.
 - Existencia de núcleos con colonos brancos desde hai tempo.

5.1 A África árabe

- Foron os primeiros en conseguir a independencia.
- Exipto en 1922 cunha monarquía tradicional --> revolución en 1952 (Gamal Abdel Nasser).
- En 1956 Francia concedeu a independencia a Tunicia e Marrocos. Concesións españolas do protectorado de Ifni. O Sahara Occidental aínda loita pola súa independencia.
- Marrocos e Tunicia son prooccidentais, pero non Libia. Réxime de Gaddafi desde 1969.
- Caso de Alxeria:
 - Oposición dos colonos europeos á independencia.
 - Movemento pola independencia da Fronte de Liberación Nacional
 - Guerra cruel entre 1954 e 1962 (independencia en 1962). República socialista e laica

Ditadura de Franco e Transición

- A intervención exterior na guerra foi importante e decisiva.
- A vitoria de Franco levou a unha longa ditadura con fortes trazos nacionalistas, militares, católicos e fascistas.
- Ata mediados dos anos 50, durante o período da autarquía, España estivo illada internacionalmente e viviu unha longa depresión económica.
- A partir dos 50, o país foise integrando aos poucos no mundo e o réxime liberalizou a política económica.
- Os anos sesenta viron un "gran" auxe económico e cambios decisivos na sociedade, máis non na política nin nas leis, que seguiron sendo represivas e abafantes.
- O réxime mantivo o seu carácter ditatorial, pero a oposición aumentou a súa influencia nos últimos anos antes da morte de Franco en 1975.
- A Transición española é o paso da ditadura franquista á democracia actual, que se produce tras a morte do xeneral Franco en 1975.
- Produciuse, con todo, nun difícil contexto: a lembranza da Guerra Civil, a inexperiencia política, a crise económica e os atentados terroristas de diferente signo.

- Os presidentes de goberno da Democracia foron Adolfo Suárez (UCD, 1976-1981), Leopoldo Calvo Sotelo (UCD, 1981-1982), Felipe González (PSOE, 1982-1996), José María Aznar (PP, 1996-2004) e José Luís Rodríguez Zapatero (PSOE, 2004-2011).
- A Constitución española, aprobada en referendo o 6 de decembro de 1978, garante as liberdades e os dereitos dos cidadáns, fixa e regula a forma política da monarquía parlamentaria e define os órganos do Estado e a súa administración.
- Hai que destacar a descentralización da organización político-territorial do Estado, o "Estado das Autonomías", caracterizado por un amplo autogoberno rexional. A España recente tamén viviu importantes transformacións das pautas demográficas, sociais e culturais do noso país.
- A chegada da Democracia permitiu un maior proceso de apertura de España ao mundo, tanto política como económica e culturalmente.
- A integración de España na Unión Europea en 1986, coa apertura do país e as políticas de axudas, supuxo un factor de modernización decisivo para a economía española.
- Tamén permitiu ao pobo español participar de pleno na "cidadanía europea", con plena liberdade para viaxar, estudar, vivir e traballar nos estados membros da Unión.

5. Exercicios de autoavaliación

1. En que grupos sociais se baseou o primeiro franquismo?

- ☐ Clases medias rurais.
- ☐ Clases traballadoras.
- ☐ Oligarquía financeira, industrial e terratenente.

2. Emparelle as seguintes Leis coas seguintes datas:

Foro do Traballo.	1958
Foro dos españois.	1942
Lei constitutiva das Cortes.	1945
Lei de Principios do Movemento Nacional	1938

3. Que organizacións controladas pola Falanxe tiveron un papel importante no franquismo?

- ☐ Fronte de Xuventudes.
- ☐ Opus Dei.
- ☐ Sindicato Español Falanxista.
- ☐ Sección Feminina.

4. Emparelle os seguintes acontecementos coas correspondentes datas:

A ONU veta o ingreso en España.	1966
Acordos Hispano-norteamericanos	1959
Plan de Estabilización	1953
Primeiras protestas universitarias en Madrid	1946

5. Que medidas foron adoptadas co Plan de Estabilización e quen o propuxo e levou a cabo?

- ☐ Aumento do gasto público.
- ☐ Liberalización da economía.
- ☐ Apertura ás inversións estranxeiras.

6. Solucionario

6.1 Solucións das actividades propostas

S1. Elix a e sinala a opción correcta: Que significou a expresión "Pano de Aceiro"?

- ☒ Acuñaada por Churchill nun soado discurso na universidade de Fulton en 1946, o veterano líder británico usou a expresión "**pano de aceiro**" para referirse á fronteira que separaba á Europa dominada polo exército soviético do resto.
- ☐ O presidente norteamericano Truman denominou así á impermeable fronteira que separaba a Europa oriental comunista dos países occidentais que ían recibir a axuda do Plan Marshall.
- ☐ O termo foi creado para describir a fronteira que separou o estado de Israel e a Palestina árabe tras a partición de 1948.

S2. Que foi o Pacto de Varsovia?

- ☐ Foi un pacto asinado por todas as forzas democráticas polacas en 1988 para apoiar a loita do sindicato Solidariedade contra a ditadura comunista en Polonia.
- ☐ Tamén coñecido como o COMECON (Consello de Axuda Mutua Económica), foi unha organización multinacional que agrupaba á URSS e aos países do Leste coa excepción iugoslava co fin de fomentar e planificar os intercambios comerciais entre os países do bloque.
- ☒ Unha alianza militar que uniu á URSS con todos os países europeos do bloque comunista coa excepción de Iugoslavia. Foi creada en 1955. O mando unificado das súas tropas quedou en mans dun xeneral soviético.

S3. A que se denominou Iniciativa de Defensa Estratéxica?

- ☐ Así se denominou ao acordo asinado en 1972 por Breznev e Nixon que supuxo unha importante redución dos arsenais nucleares estratéxicos de ambas as superpotencias.
- ☐ Foi o principal documento estratéxico elaborado en 1949 tras a constitución da OTAN. Planificado no Pentágono, tivo a súa primeira aplicación práctica na guerra de Corea.
- ☒ Nun teatral discurso televisado en 1983, Reagan anunciou o desenvolvemento dunha defensa antimísiles que garantiría a defensa do territorio norteamericano ante calquera ataque nuclear. Os xornalistas pronto a denominaron "Guerra das Galaxias".

S4. Cando e por que foi erixido o Muro de Berlín?

- ☒ En 1961 para, basicamente, frear a emigración masiva de cidadáns da Alemaña comunista á RFA. Este éxodo era causado polas diferenzas no nivel de vida e no respecto das liberdades.
- ☐ En 1948 como primeira medida para implementar o Bloqueo de Berlín decretado por Stalin. A Ponte Aérea aliado permitiu o abastecemento da poboación de Berlín occidental.
- ☐ O muro construíuse en 1945 inmediatamente despois da repartición da antiga capital do Reich en catro zonas de ocupación.

S5. No seguinte documento tente encher os ocos coas palabras seguintes:

Nacións Unidas / mundial / 1955 / internos / paz / conferencia / atómica / soberanía / igualdade / atómicas / Nacións / tensión / Dereitos / Nacións Unidas.

Conferencia de Bandung Declaración en favor do desenvolvemento da paz e a cooperación mundial Exercicio con textos históricos
A Conferencia Afroasiática prestou seria atención ao problema da paz e da cooperación mundial. Examinou con profunda preocupación o actual estado de tensión internacional co consecuente perigo dunha guerra atómica mundial. O problema da paz está ligado ao problema da seguridade internacional. A este propósito, todos os Estados deben cooperar, sobre todo, a través das Nacións Unidas en realizar a redución das armas atómicas baixo un válido control internacional. Neste modo pódese promover a paz internacional e a enerxía atómica pode ser usada exclusivamente para fins pacíficos. (...) Todas as nacións deberían ter o dereito de escoller libremente os seus sistemas políticos e económicos e o seu modo de vida en conformidade cos fins e principios da Carta das Nacións Unidas. Libre de sospeitas e de medos e animados pola fe e boa vontade dunha cara a outra, as nacións deberían practicar a tolerancia e vivir xuntas en paz e de bos veciños a desenvolver unha cooperación amigable sobre a base dos dez principios seguintes: 1. Respecto polos Dereitos fundamentais do home e para os fins e principios da Carta das Nacións Unidas. 2. Respecto para soberanía e a integridade territorial de todas as nacións. 3. Recoñecemento da igualdade de todas as razas e de todas as nacións, grandes e pequenas. 4. Abstención de intervencións ou interferencia nos asuntos internos doutros países. 5. Respecto ao dereito de toda nación a defenderse por si soa ou en colaboración con outros Estados, en conformidade coa Carta das Nacións Unidas. (...) Bandung, 1955

S6. Cando foi aprobada e que contivo a Carta de París?

- ☐ Foi un documento aprobado na capital francesa en 1991 pola OTAN establecendo a nova doutrina estratéxica da alianza tras o fin do Pacto de Varsovia.
- ☐ Foi un documento asinado por Ronald Reagan e Mijaíl Gorbachov en París en 1987 que antecedeu á firma en decembro dese anos do Tratado de Washington, no que se acordou a destrución das armas nucleares de curto e medio alcance.
- ☒ Asinada en novembro de 1990 por EUA, a URSS e outros trinta estados participantes na Conferencia para a Seguridade e a Cooperación en Europa ,esta Carta que tiña como principal finalidade regular as relacións internacionais tras o fin da guerra fría. Para iso incluíu un pacto de non agresión entre a OTAN e o Pacto de Varsovia.

S7. Sinale cales das seguintes afirmacións se refiren á India:

- ☐ Paquistán quedou dividida en Oriental e Occidental.
- ☐ En 1947, existía un enfrontamento notable entre as comunidades musulmás e hindú.
- ☐ Xapón quedou dividido en tres: a zona oriental, a occidental e a neutral.
- ☒ Reino Unido dividiu o territorio en dous Estados: a India e Paquistán.
- ☐ Reino Unido retirouse polo enfrontamento entre a comunidade musulmá e a hindú.

S8. Sinale cales das seguintes afirmacións sobre a descolonización e o neocolonialismo, son verdadeiras (V) ou falsas (F)Faga un esquema das consecuencias da I Guerra mundial

Todas as antigas colonias se independizaron das súas metrópoles de forma sinxela e pacífica.		F
A Conferencia de Bandung favoreceu a aparición do Movemento de Países Non Alineados.	V	
A II Guerra mundial favoreceu o inicio dun proceso de descolonización en gran parte do mundo.		F
O neocolonialismo caracterízase polo dominio económico dos países ricos sobre os pobres.	V	
Inicialmente, o termo Terceiro Mundo designaba os países pobres alineados co bloque comunista.		F

- S9. Consulte os diferentes apartados desta web sobre a Guerra do Vietnam e responda ás seguintes preguntas

<http://www.tiching.com/753884>

De que país era colonia Vietnam en 1946? Como se iniciou o conflito?

Era colonia de Francia. O conflito iniciouse coa implicación americana e remóntase a inicios dos cincuenta cando apoiaron os desesperados intentos de Francia por manter a súa presenza colonial en Indochina fronte ás forzas comunistas do Vietminh. A derrota francesa e os Acordos de Xenebra de 1954, que consagraron a partición de Vietnam en dúas, levaron a que Washington envorcasse o seu apoio no réxime anticomunista de Ngo Dinh Diem en Vietnam do Sur que facía fronte ao Vietnam do Norte comunista, apoiado pola URSS

En que consistía a teoría do dominó? Por que Vietnam era importante para os Estados Unidos?

A Teoría do dominó ou tamén chamado secuencia efecto bóla de neve aplicado á política internacional segundo a cal, se un país entra nun determinado sistema político, arrastraría a outros da súa área cara a esa mesma ideoloxía. Non se sabe con certeza o ideólogo desta teoría; pero adóitase nomear ao político estadounidense Eisenhower quen vaticinaba que o comunismo podería expandirse por todo o mundo se non se lograba deter a espiral.

Frear as revolucións asiáticas non era o único obxectivo da intervención estadounidense en Vietnam. Detrás de Pequín, tamén está a apuntar a Moscova. Washington quería acabar coa configuración dos "bloques" que dominaba, desde o final da Segunda Guerra Mundial, a escena internacional. O que estaba en xogo era enorme: permitir ao capital imperialista penetrar de novo nos inmensos territorios do "bloque do Leste".

- S10. Defina brevemente os seguintes conceptos

▪ Autarquía	Sistema económico no que un estado abastécese cos seus propios recursos, evitando no posible as importacións: "ao finalizar a Guerra Civil Española, o Estado iniciou unha etapa de autarquía económica, debido ao forzado illamento e á falta de axudas externas pola oposición ao réxime franquista" A política autárquica converteuse nunha alternativa a esta situación. Coa súa adopción pretendíase conseguir abastecer o mercado nacional coa produción nacional. Na formulación desta política hai que ter en conta tamén o posicionamento ultranacionalista e fascista do primeiro franquismo. A política autárquica foi un completo fracaso porque prolongou e agudizou a escaseza e carestía que gran parte do país sufrira na guerra civil.
▪ Estraperlo	Actividade ilegal que consiste en comerciar con artigos intervidos polo Estado ou suxeitos a taxa; aplicouse especialmente ao comercio de produtos racionados posterior á Guerra Civil Española. "aos poucos, a fame desaparece e tamén as cartillas de racionamento e o estraperlo"
▪ Desenvolvemntismo	Actitude ou tendencia favorable ao desenvolvemento e crecemento económico sen concesións dun país." o desenvolvementismo tecnocrático obtivo pronto resultados espectaculares A partir do goberno de Franco de 1957 entran os tecnócratas : unha xeración de políticos máis técnicos cuxo principal dogma era o crecemento económico como forma de estabilidade social, que suplise a falta de liberdades.

- S11. Relacione mediante frechas estes conceptos coa súa definición:

Xeneralísimo	Sindicato vertical, o único permitido en España.
FET e das JONS	Lei que recollía dereitos e deberes dos españois
Fuero dos Españois	Título de Franco como xefe supremo dos exércitos
Central Nacional Sindicalista	Partido único do réxime, cuxo xefe era Franco.

S12. Visite a seguinte web e realice as actividades seguintes:

<http://www.tiching.com/88250>

– Que coñecemos como a "longa noite de pedra"?

Os corenta anos de réxime franquista supuxeron un corte radical e un claro retroceso para o prestixio e a conciencia lingüística que os galeguistas acadaran nos primeiros anos do século XX. Este período de silenciamento e represión acostuma a denominarse metaforicamente coma a longa noite de pedra da lingua galega, en alusión ao libro de poemas que con este mesmo nome, *Longa noite de pedra*, publicaba en 1962 Celso Emilio Ferreiro, no que amosaba a súa total desconformidade coas ideas políticas, culturais e lingüísticas oficiais da época.

– Cal era a situación da lingua galega durante o franquismo?

Polo que respecta ás funcións de identidade e familiar, o galego mantivo o seu protagonismo maioritario, aínda que o castelán se foi instalando progresivamente nas capas sociais máis acomodadas e nos núcleos urbanos. Con todo, temos que ter en conta que nestes anos dous terzos dos habitantes de Galicia vivían en entidades de poboación de menos de 2 000 habitantes, o que favorecía o galego debido ao seu maior grao de conservación nas zonas rurais. De calquera xeito, se por algo se caracterizan estes anos é polo abandono paulatino do monolingüismo e o aumento do bilingüismo diglósico. A progresiva castelanización global da sociedade, unha das principais características sociolingüísticas destes anos, explícase en gran medida polo relativo crecemento urbano, a expansión das clases medias vinculadas ao sector servizos, a progresiva xeneralización do ensino e a aparición dos grandes medios de comunicación. A todo isto, contribuíu fortemente que factores como o prestixio ou ascenso social se relacionasen directamente co uso do castelán, o que provocou nos falantes habituais de galego tanto mudanzas lingüísticas cara ao castelán como un crecente sentimento de autoodio.

– Que importancia tivo a Editora Galaxia no rexurdimento da cultura galega?

Nesta etapa o galego foi afastado dos ámbitos institucionais e culturais, así como dos usos escritos. Se ben é certo que non existía na época unha lexislación que prohibise de xeito explícito o emprego do idioma, o uso público do galego en contextos elevados e formais era interpretado como unha clara confrontación ao réxime. Aínda así, cómpren algunhas matizacións temporais. Se a década de 1940 se caracterizou por un total silenciamento e represión dos usos públicos do idioma, a partir de 1950 observamos xa un pequeno rexurdimento, debido en grande medida ao labor da Editora Galaxia.

S13. Sinale o partido gobernante e o presidente en cada un destes períodos da democracia española:

	Presidente	Partido gobernante
1982-1996	Felipe González Márquez	PSOE
1996-2004	José María Aznar López	PP
2004-2011	José Luis Rodríguez Zapatero	PSOE
2011-2015	Mariano Rajoy Brey	PP

6.2 Solucións das actividades complementarias

S14. Segundo o seguinte texto, responda as cuestións:

LEI DE SUCESION NA XEFATURA DO ESTADO. Do 26 de xullo de 1947, modificada pola Lei Orgánica do Estado do 10 de xaneiro de 1967 (Decreto 779/1967, do 20 de abril. BOE do 21 de abril). De conformidade coa aprobación das Cortes e coa expresión auténtica e directa da vontade da Nación, dispoño:

Artigo primeiro

España, como unidade política, é un Estado católico, social e representativo, que, de acordo coa súa tradición, declárase constituído en Reino.

Artigo segundo

A Xefatura do Estado corresponde ao Caudillo de España e da Cruzada, Xeneralísimo dos Exércitos, Don Francisco Franco Bahamonde.

- Que tipo de estado é España segundo o **artigo primeiro** da Lei?

- ☐ Unha República
- ☒ Un Reino
- ☐ Unha Ditadura Militar

- Indique se a seguinte información é verdadeira ou falsa e razoe a resposta:

"Pese a que o artigo primeiro da Lei de Sucesión da Xefatura do Estado, declara que España é un reino, non se concede a Xefatura do Estado a un monarca, senón a Francisco Franco. Na Lei non se nomea monarca nin se menciona a ningunha familia real"

☒ Verdadeiro

☐ Falso

- Con que termo ou título se referían ao xeneral Franco durante a súa Ditadura en alusión ao seu liderado? Explíqueo.

☒ A Franco se lle denominou "Caudillo pola graza de Deus" adaptando o grao á voz alemá de Führer e mais á Italiana de Duce.

- A que se refire o termo de "cruzada" utilizado no artigo segundo da Lei?

☒ A propaganda franquista tiña presentado a guerra civil española como unha "cruzada", na que o bando "nacional" buscaba a rexeneración moral, política e relixiosa de España

☐ A propaganda franquista buscaba obter fondos da igrexa católica para expulsar a todos os musulmáns de España

S15. Responda as seguintes cuestións e no seu caso emparelle correctamente os termos destas dúas columnas:

- As primeiras eleccións na España posterior á Ditadura, en que ano se produciron?

☐ 1975

☒ 1977

☐ 1978

S16. Cales son as principais características do período da autarquía económica durante o franquismo

☒ Intervención do Estado

☒ Autosuficiencia Económica


☐ Capitalismo Liberal

6.3 Solucións dos exercicios de autoavaliación

1. En que grupos sociais se baseou o primeiro franquismo?

- ☒ Clases medias rurais.
- ☐ Clases traballadoras.
- ☒ Oligarquía financeira, industrial e terratenente.


2. Emparelle as seguintes Leis coas seguintes datas:



3. Que organizacións controladas pola Falanxe tiveron un papel importante no franquismo?

- ☒ Fronte de Xuventudes.
- ☐ Opus Dei.
- ☐ Sindicato Español Falanxista.
- ☒ Sección Feminina.

4. Emparelle os seguintes acontecementos coas correspondentes datas:



5. Que medidas foron adoptadas co Plan de Estabilización e quen o propuxo e levou a cabo?

- ☐ Aumento do gasto público.
- ☒ Liberalización da economía
- ☒ Apertura ás inversións estranxeiras.

7. Glosario

Para comprender o estudado, é preciso ter un vocabulario, un glosario de conceptos clarificadores dos termos utilizados. Así será máis doado comprender e poder expresar con claridade o traballado na unidade.

A	▪ Apartheid	Sistema político e social desenvolvido na República de Sudáfrica e outros estados surafricanos, baseado na segregación ou separación da poboación por motivos raciais ou étnicos e no trato discriminatorio cara á poboación negra.
	▪ Autarquía	Sistema económico no que un estado abastécese cos seus propios recursos, evitando no posible as importacións. "ao finalizar a Guerra Civil Española, o Estado iniciou unha etapa de autarquía económica, debido ao forzado illamento e á falta de axudas externas pola oposición ao réxime franquista" A política autárquica converteuse nunha alternativa a esta situación. Coa súa adopción pretendíase conseguir abastecer o mercado nacional coa produción nacional. Na formulación desta política hai que ter en conta tamén o posicionamento ultranacionalista e fascista do primeiro franquismo. A política autárquica foi un completo fracaso porque prolongou e agudizou a escaseza e carestía que gran parte do país sufrira na guerra civil.
	▪ Aconfesionalidade	Calidade dunha persoa, unha colectividade ou unha institución que non pertence a ningunha confesión relixiosa
C	▪ Caza de bruxas	Persecución debida a prexuízos políticos ou ideolóxicos. "asistiu a unha reunión de exiliados norteamericanos que fuxían da caza de bruxas macartista;
	▪ CIA	A Axencia Central de Intelixencia, cuxo nomee orixinal en inglés é Central Intelligence Agency (CIA), é unha das maiores axencias de intelixencia do Goberno de Estados Unidos. A CIA ten os seus cuarteis xerais en Langley (Virginia), a poucos quilómetros da capital estadounidense, Washington D.C. Os seus empregados, polo xeral, operan nas embaixadas de Estados Unidos de todo o mundo. É a única axencia de intelixencia estadounidense que goza de independencia, pois só debe render contas ao Director Nacional de Intelixencia. Polo poder do que goza a axencia, chegou a ser considerada como un Estado dentro do Estado.
	▪ Commonwealth	("Mancomunidade" Comunidade Británica de Nacións) é unha asociación de estados soberanos, a maioría dos cales eran colonias británicas no pasado, establecida para fomentar o comercio e os lazos de amizade entre eles.
	▪ Conferencia de Bandung	A conferencia de Bandung foi unha reunión de estados asiáticos e africanos, a maioría dos cales acababan de acceder á independencia.
	▪ Confesionalidade	Pertenza dunha persoa, dunha colectividade ou dunha institución a unha confesión relixiosa. p. ex.: "confesionalidade católica" (franquismo)
	▪ Constitución	Unha Constitución (do latín <i>constitutio</i> , -nis) é a lei fundamental dun Estado, con rango superior ao resto das leis, que define o réxime dos dereitos e liberdades dos cidadáns e delimita os poderes e institucións da organización política.
D	▪ Doutrina Zhdánov	En setembro de 1947, o informe Jdanov ou doutrina Zhdánov, que toma o nome de Andréi Jdanov, terceiro secretario do partido comunista da URSS, recoñece a división do mundo en dous campos: as forzas imperialistas, dirixidas polos Estados Unidos, e os anti-imperialistas, liderados pola URSS. A doutrina Zhdánov que promove a solidariedade e a asociación dos países comunistas que se opoñen á cuadra do Occidente capitalista e imperialista.

	▪ Doutrina Truman	A Doutrina Truman foi unha medida creada polos Estados Unidos que pretendía dar apoio a "pobos libres que están a resistir os intentos de subxugamento por minorías armadas ou por presións exteriores", xa que estes réximes representaban unha ameaza ao capitalismo dos Estados Unidos, sendo estas directrices de fervente tendencia anticomunista dado o contexto no que se achaban, ata o punto dun fanatismo persecutorio de calquera movemento no marco de esquerda política. Quérese loitar contra a propagación da influencia soviética e sobre todo do comunismo en Europa Occidental. A súa denominación débese ao presidente dos Estados Unidos Harry S. Truman, quen fixo a proclamación desta doutrina na súa comparecencia ante o Congreso o 12 de marzo de 1947, estando por entón en curso a crise da Guerra Civil Grega (1946-1949).
E	▪ Estado do benestar	O Estado de Benestar é un fenómeno moi recente que tivo moito impulso en diferentes partes do mundo no século XX debido ás distintas crises económicas, guerras e conflitos de diverso tipo que significaron consecuencias moi duras e difíciles de sortear para gran parte das poboacións occidentais.
	▪ Estado de excepción	Un réxime de excepción (tamén coñecido como estado de excepción ou estado de emerxencia) é un mecanismo contemplado na constitución dun país no caso de que un presidente considere que existe algunha situación extraordinaria tal como catástrofe natural, perturbación grave da orde interna, guerra exterior, ...
	▪ Estraperlo	Actividade ilegal que consiste en comerciar con artigos intervidos polo Estado ou suxeitos a taxa; aplicouse especialmente ao comercio de produtos racionados posterior á Guerra Civil Española.
G	▪ Ghettos	Un gueto (do italiano <i>ghetto</i>) é unha área separada para a vivenda dun determinado grupo étnico, cultural ou relixioso, voluntaria ou involuntariamente, en maior ou menor reclusión. O termo empregouse, orixinalmente, para indicar os barrios nos cales os hebreos eran obrigados a vivir e a permanecer confinados pola noite. O uso estendeuse hoxe a calquera área na que a concentración dun determinado grupo social é excluínte.
	▪ Glásnost	En comparación coa <i>perestroika</i> que se ocupaba da reestruturación económica da Unión Soviética, a <i>glásnost</i> concentrábase en liberalizar o sistema político. Nesta estipulábanse liberdades para que os medios de comunicación tivesen maior confianza para criticar ao goberno.
	▪ Guerra das galaxias	A Iniciativa de Defensa Estratéxica (do inglés: <i>Strategic Defense Initiative</i>, SDI) foi un sistema proposto polo Presidente dos Estados Unidos Ronald Reagan o 23 de marzo de 1983 para utilizar sistemas baseados en terra e no espazo a fin de defender Estados Unidos contra un ataque nuclear con armas balísticas estratéxicas (mísiles balísticos intercontinentais e mísiles balísticos lanzados desde submarinos). A iniciativa estaba enfocada máis cara á defensa estratéxica que cara a unha política ofensiva como a anterior teoría da Destrución Mutua Asegurada (MAD). A Organización da Iniciativa de Defensa Estratéxica (SDIO) foi posta en marcha polo Departamento de Defensa de Estados Unidos en 1984 para supervisar a Iniciativa de Defensa Estratéxica.
	▪ Guerra Fría	Chámase Guerra Fría á etapa política que vai desde 1947 a 1990. A súa característica principal é a rivalidade entre as dúas superpotencias que venceron na Segunda Guerra Mundial. Por unha banda Estados Unidos (EE.UU) dirixindo o bloque capitalista, doutra banda a Unión Soviética (URSS) dirixindo o bloque comunista (aínda que normalmente os comunistas chamaban aos seus sistema "socialista" ou "socialismo real"). Era, por tanto, un sistema bipolar.
	▪ Guerras Periféricas	Non houbo unha guerra directa ("quente") entre as dúas potencias, pero enfrontáronse indirectamente noutros países. Nestas guerras periféricas a URSS apoiaba á guerrilla ou ao goberno comunista e EE.UU. apoiaba á guerrilla ou ao goberno anticomunista. O balance de todas estas guerras foi de máis de 50 millóns de mortos, é dicir, un número de vítimas similar ao producido durante a Segunda Guerra Mundial.

J	▪ JONS	(As) Xuntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista (JONS) foron un movemento político español de ideoloxía nacional-sindicalista. De carácter totalitario e contrario aos partidos políticos e a calquera sistema democrático, propugnaba a supremacía do Estado, pretendendo articular este Estado ao redor dun Sindicato Vertical. De carácter marcadamente nacionalista concretou esta ideoloxía no denominado nacionalsindicalismo.
K	▪ KGB	Foi o nome da axencia de intelixencia, así como da axencia principal de policía secreta da Unión Soviética do 13 de Marzo de 1954 ao 6 de Novembro de 1991. O dominio do KGB foi aproximadamente o mesmo que o da CIA ou a división de contraintelixencia do FBI en Estados Unidos.
L	▪ Laicismo	Corrente ideolóxica que defende a independencia do home-muller ou da sociedade, e especialmente a do Estado, de toda influencia relixiosa ou eclesiástica.
M	▪ Malcolm X	(Omaha, 19 de maio de 1925-Nova York, 21 de febreiro de 1965), nado como Malcolm Little, e cuxo nome oficial completo era O-Hajj Malik O-Shabazz (en árabe), foi un orador, ministro relixioso e activista estadounidense. Foi un defensor dos dereitos dos afroamericanos, un home que acusou duramente os estadounidenses brancos dos seus crimes contra os seus compatriotas negros. En cambio, os seus detractores acusárono de predicar o racismo e a violencia. Foi descrito como un dos máis influentes afroamericanos na historia estadounidense.
	▪ Movemento feminista americano no século XX	Durante os anos 50 o lugar da muller na sociedade era coidar á familia, atender ao esposo e coidar a casa. Moitas mulleres educadas de clase media deixaban os estudos para dedicarse a ter fillos e coidar da familia, pensando con iso cumprir a súa deber social e crendo ver niso a súa realización persoal. Con todo, non todas as mulleres estaban satisfeitas con este estilo de vida, e recoñecían a frustración de non ter unha carreira onde envorcar o seu talento. En 1963, Betty Friedan publica o seu libro The Feminine Mystique (A mística feminina) que identificaba "o problema sen nome". Citando as actividades rutineiras dunha nai de familia: preparar a comida, limpar a casa, levar aos nenos ás súas actividades, a autora preguntase: É todo isto suficiente?, é isto o único que as mulleres son capaces de facer? E conclúe que moitas mulleres non están contentas co papel que lles toca na sociedade. Germaine Greer saíu á escena feminista en 1970 co seu libro The Female Eunuch (A muller eunuco). Neste libro a autora insta as mulleres a romper as barreiras sociais. Outro libro, escrito en 1999, The Whole Woman (A muller completa). actualiza a idea instando as mulleres a "anoxarse outra vez". A publicación do libro de Friedan espertou unha onda de feminismo, que non se vía na sociedade desde o movemento sufragista que loitou (e conseguiu) a obtención do voto feminino no século 19. En 1966, Friedan e outras mulleres formaron o grupo National Organization for Women, NOW, dedicado a avogar pola participación da muller na sociedade. O mesmo demandaba igualdade nos salarios e pedía leis contra a discriminación de xénero.Cando o Congreso debatía a lei de dereitos civís de 1964, que prohibía a discriminación no traballo por causa da raza, os conservadores agregaron ao proxecto de lei a discriminación por sexo, esperando que así non sería aprobado.Con todo, sucedeu o contrario organizacións como NOW encargáronse de facela cumprir. O feminismo desenvolveu un á radical. En 1968, un grupo radical feminista protestou en Atlantic City no lugar onde se celebraba o concurso de beleza Miss América. Alí coroaron a unha ovella. Tamén se instalaron os "botes de lixo da liberdade", onde as mulleres podían arroxar todo aquilo que coartaba a súa liberdade: pestanas postizas, tenaces para rizar o cabelo, ligas, zapatos de tacón alto, suxeitadores. A prensa chamounos "queimadores de suxeitadores", aínda que verdadeiramente ningún sostén foi queimado. O termo "sexista" introduciuse no vocabulario de Estados Unidos a medida que as mulleres se identificaban como un grupo discriminado. O prefixo Ms. adoptouse para todas as mulleres independentemente do seu estado civil, para non diferenciar entre as solteiras e as casadas.En 1972 Gloria Steinem fundou unha revista co mesmo nome.Escritoras como Germaine Greer impulsaron a moitas mulleres para confrontar as barreiras sociais, políticas e económicas. En 1960, as mulleres representaban menos do 40 por cento das carreiras de licenciatura, e moitas menos obtían diplomas de posgrao. Aínda que exercían o dereito ao voto desde facía 40 anos, só había 19 mulleres no Congreso en 1961. As mulleres gañaban 59 centavos por cada dólar que gañaban os homes. Pero xa para 1980, as mulleres constituían a maioría de graduados universitarios. A medida que máis mulleres sumábanse ao campo profesional, os matrimonios comezaronse a levar a cabo a unha idade máis tardía e diminuíron os nacementos. Mulleres que se atopaban en matrimonios infelices decidíanse a terminalos facendo subir o índice de divorcios.

O	▪ OLP	A Organización para Liberación de Palestina é unha organización que afirma representar ao aproximadamente oito millóns de palestinos (árabes que vivían no mandato británico de Palestina antes da proclamación do estado de Israel en 1948 e os seus descendentes). Foi constituída en 1964 para centralizar a dirección de diversos grupos palestinos que ata ese momento operaban como movementos clandestinos contra Israel. A OLP practicou a loita armada (guerrilla, terrorismo) contra Israel nos 60, 70 e 80, posteriormente nos 90 entrou nunha fase de negociacións abertas cuxo momento cume foron os Acordos de Oslo de 1993. Ese proceso de paz foi deteriorándose nos anos posteriores ata terminar por descarrilar totalmente. Nada en 1964, a OLP expuxo nos seus primeiros momentos a destrución do estado de Israel e o dereito de autodeterminación do pobo palestino no que incluía os centenaes de miles de refuxiados nos países limítrofes. En 1969, o líder da o-Fatah, a facción predominante entre as agrupadas na OLP, Yasser Arafat foi nomeado presidente da OLP.
	▪ OPEP	A Organización de Países Exportadores de Petróleo é unha organización intergubernamental, con sede en Viena. Creada como resposta á baixada do prezo oficial do petróleo acordada unilateralmente polas grandes compañías distribuidoras en agosto de 1960. ...
	▪ (A) Organización do Tratado do Atlántico Norte ou OTAN	(en inglés: <i>North Atlantic Treaty Organization</i> ou NATO; en francés: <i>Organisation du Traité de l'Atlantique Nord</i> ou OTAN), tamén denominada Alianza do Atlántico, Alianza do Atlántico Norte ou Alianza Atlántica,^{3?} é unha alianza militar intergubernamental baseada no Tratado do Atlántico Norte ou Tratado de Washington asinado o 4 de abril de 1949. A organización constitúe un sistema de defensa colectiva, na cal os Estados membros acordan defender a calquera dos seus membros se son atacados por unha facción externa. O cuartel xeral da OTAN atópase en Bruxelas, Bélxica, un dos 29 Estados membros da organización que se estende por Norteamérica e Europa. A última incorporación era Montenegro, en xuño de 2017. Ademais, hai 21 países que colaboran coa OTAN dentro do programa Asociación para a Paz, con outros 15 países involucrados en programas de diálogo. O gasto militar combinado de todos os países membros da OTAN supera o 70 % do gasto militar mundial.
P	▪ Perestroika	Política reformista que levou a cabo na Unión Soviética tras a chegada ao poder (1985) de Mijail Gorbachov, caracterizada por unha apertura cara aos países do bloque occidental, certa liberalización do sistema económico e transparencia informativa.
	▪ Pacto de Bagdad	O Pacto de Bagdad era unha organización defensiva para promover obxectivos políticos, militares e económicos compartidos fundado en 1955. O principal obxectivo do Pacto de Bagdad era impedir as incursións comunistas e fomentar a paz no Medio Oriente.
	▪ Pacto de Varsovia	chamado oficialmente, Tratado de Amizade, Colaboración e Asistencia Mutua, foi unha alianza militar composta por oito países comunistas europeos, creada para contrarrestar o rearmamento da República Federal de Alemaña, popularmente chamada Alemaña Occidental, e o seu ingreso na Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN/ NATO)
R	▪ Referendum ou referendo	Procedemento xurídico polo que se somete a votación popular unha lei ou un asunto de especial importancia para o Estado."consultas populares por vía de referendo; en España convocouse en 1978 un referendo para aprobar a Constitución"
S	▪ SEATO	A Organización do Tratado do Sueste Asiático, ou SEATO polas súas siglas en inglés, foi unha organización rexional de defensa, vixente desde 1955 ata 1977, constituída por Australia, Francia, Nova Zelandia, Paquistán, Filipinas, Tailandia, Gran Bretaña e os Estados Unidos. Tecnocracia: O termo tecnocracia significa literalmente «gobierno dos técnicos» e derívase dos vocábulos gregos (tékhne?, «arte, técnica») e (krátos, «poder, dominio, goberno»).Diversos tecnócratas identificaron a súa postura co uso do método científico para resolver os problemas da política. No canto de basear as súas

		decisións en conviccións ideolóxicas, favorécese a acción orientada a resultados e baseada en datos empíricos. O tecnócrata é (ou se asocia con) un científico ou enxeñeiro. O termo tecnocracia foi orixinalmente utilizado para designar a aplicación do método científico á resolución de problemas sociais, en contraposición aos enfoques económicos, políticos ou filosóficos tradicionais.
T	▪ (A) Teoría do dominó	A Teoría do dominó ou tamén chamado secuencia efecto bóla de neve aplicado á política internacional segundo a cal, se un país entra nun determinado sistema político, arrastraría a outros da súa área cara a esa mesma ideoloxía.
	▪ Telón de aceiro	Pano de Aceiro Churchill popularizou o termo nunha conferencia en Estados Unidos en 1946, cando dixo: Desde Stettin, no Báltico, a Trieste, no Adriático, caeu sobre o continente (Europa) un pano de aceiro.
	▪ Transición	A expresión "Transición" designa o paso da ditadura franquista ao actual sistema democrático.
W	▪ Watergate (Escándalo)	O escándalo naceu co arresto en xuño de 1972 de cinco homes que penetraran para espiar ao Comité Nacional Demócrata no hotel Watergate en Washington. Despois de múltiples peripecias xudiciais a implicación da administración de Nixon foise facendo cada vez máis evidente.

8. Bibliografía e recursos

Bibliografía

- Libros de texto 4º ESO de Ciencias Sociais, nomeadamente os das editoriais Vicens Vives, Anaya, e Consorcio editorial.

- *"As Mulleres na historia". Colectivo M^a Castaña. Ed. Xerais.*

<http://www.vicensvives.com/areadocente/recursos.php>

- Xeografía e Historia 4º ESO . Consorcio Editorial Galego. Baía Edicións

<http://clio.rediris.es/udidactica/IGM/tratados.htm>

http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/4esohistoria/quincena8/index_quincena8.htm

- CNICE.Kairós.

http://iris.cnice.mec.es/kairos/enseanzas/bachillerato/mundo/liberalismo_00.html

- Historia del Siglo 20

<http://www.historiasiglo20.org/>

<http://clio.rediris.es/udidactica/IGM/tratados.htm#mapaversalles/>

http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/4esohistoria/quincena8/index_quincena8.htm

- claseshistoria.com

Mulleres no Franquismo

<http://elpolvorin.over-blog.es/article-espaa-la-mujer-ideal-en-1953-60293010.html>

<http://www.rehueong.com.ar/sites/default/files/Gu%C3%ADa%20de%20la%20buena%20esposa.pdf>

Guerra fría. Vietnam Corea

<http://es.tiching.com/link/753884>

- Vicens Vives:
<https://es.slideshare.net/pueyo/demos4-espaa-durante-el-franquismo>

Outros recursos

Cartografía

- Atlas. Ligazóns en internet:
<http://www.historiasiglo20.org/enlaces/mapas.htm>
- Mapas históricos (por exemplo, os da editorial Vicens Vives) e mapas temáticos para desenvolver as actividades.
- Ubieta, Agustín: *Génesis y desarrollo de España, II*. Institutos de Ciencias da Educación, Zaragoza, 1984.
<http://clio.rediris.es/n32/atlas/atlasubieto.htm>

Filmografía

Guerra fría



- *Os mellores anos da nosa vida* (William Wyler, EUA, 1986)
- *O ladrón de bicicletas* (Vittorio de Sica, Italia 1954)
- *Cortina esgazada* (Alfred Hitchcock, EUA, 1964)
- *Caza de bruxas* (Irwin Winkler, EUA, 1991)
- *JFK* (Oliver Stone, EUA, 1991)
- *Platoon* (Oliver Stone, EE.UU. 1986)
- *Nado o catro de Xullo* (Oliver Stone, EE.UU., 1989)
- *Todos os homes do Presidente* (Alan J. Pakula, EE.UU., 1976)
- *Malcolm X* (Spike Lee, EE.UU., 1992)
- *O Mordomo* (Lee Daniels, EE.UU., 2013)
- *A insoportable levidade do ser* (Philip Kaufman, EE.UU., 1988)
- *Apocalypse Now* (Francis Ford Coppola, EE.UU., 1979)
- *O ano que vivimos perigosamente* (Peter Weir EE.UU., 1982)
- *Berra liberdade* (Richard Attenborough, Reino Unido, 1987)
- *Mandela, do mito ao home* (Justin Chadwick, Reino Unido 2013)
- *Good Bye Lenin* (Wolfgang Becker, Alemania 2003)
- *A historia oficial* (Luis Puenzo, Argentina, 1985)



https://www.unav.es/fcom/communication-society/es/articulo.php?art_id=146

1973	▪ El espíritu de la colmena. ▪ Separación matrimonial. ▪ Vida conyugal sana.	1978	▪ El Diputado ▪ ¿Qué hace una chica como tú en un lugar como éste?
1974	▪ El amor del capitán Brando. ▪ Los nuevos españoles.	1979	▪ El proceso de Burgos ▪ La verdad sobre el caso Savolta
1975	▪ Cría cuervos. ▪ Duerme, duerme, mi amor. ▪ Furtivos. ▪ Pim, pam, pum, fuego. ▪ Pascual Duarte.	1980	▪ Patrimonio Nacional ▪ Pepi, Luci, Boom y otras chicas del montón ▪
1976	▪ Elisa vida mía. ▪ Informe general. ▪ La ciudad cremada.	1982	▪ La colmena ▪ La plaza del diamante
1977	▪ Estado de excepción ▪ La escopeta nacional		
Arte historia. Youtube. Trátase dunha páxina de recompilación de vídeos de arte e cultura en español. Máis de 10000 páxinas con textos de grandes especialistas, miles de biografías, fotografías, artigos e máis de 100 vídeos didácticos. Atopamos diversos vídeos sobre a transición española ou a época franquista. Co nome ditadura franquista e transición publícase un documental sobre esta época que nos conta breve pero adecuadamente a transición desde un punto de vista político, social e económico. Esta época complétase con documentais como: <i>Transición</i>, <i>Juan Carlos I proclamación en Cortes</i>, <i>con Franco vivíase mellor?</i> e moitos máis vídeos de distintos enfoques ideolóxicos e de distinta calidade. É unha boa páxina de consulta de moitos vídeos explicativos de calquera época da nosa historia. Dispoñible en http://www.artehistoria.jcyl.es			

9. Anexo. Licenza de recursos

Licenzas de recursos utilizadas nesta unidade didáctica

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
   REC URS O 1	■ Propiedade: http://recursostic.educacion.es/kairos/web/ensenanzas/eso/actual/img/guerra_fria.gif https://sites.google.com/site/cienciassocialesparasecundaria/_/rsrc/1396385694586/home/4o-de-eso-1/Bandera_EUA.jpg?height=192&width=320	 RECURSO 2	■ Propiedade: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/0/02/Col_d_war_europe_military_alliances_map_en.png CCBY-SA3.0 https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=1253520
  RECURSO 3	■ Propiedade: http://recursostic.educacion.es/kairos/web/ensenanzas/eso/actual/img/memorial_corea1.jpg http://recursostic.educacion.es/kairos/web/ensenanzas/eso/actual/img/nixon_berlin.jpg	 RECURSO 4	■ Propiedade: http://recursostic.educacion.es/kairos/web/ensenanzas/eso/actual/img/memorial_vietnam.jpg
 RECURSO 5	■ Propiedade: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/1/16/Kharkov_1981_Kassy_kinoteatra_Ukraina.jpg/320px-Kharkov_1981_Kassy_kinoteatra_Ukraina.jpg	 RECURSO 6	■ Propiedade: https://www.bing.com/images/search?view=detailV2&ccid=ZgAMl6h8&id=CDB793AEA4C6980AFEC5E3E51DF8E8D7AE790969&thid=OIP.ZgAMl6h8ZaTmeK02TJDU0AEsCD&q=miembros+comecom+a%3b1os+80&simid=607995915672093859&selectedIndex=4&ajaxhist=0
 RECURSO 7	■ Propiedade: http://www.historyplace.com/speeches/speechgfx/reagan-wall3.jpg	 RECURSO 8	■ Propiedade: http://www.conservapedia.com/images/thumb/b/ba/George_Catlett_Marshall.jpg/250px-George_Catlett_Marshall.jpg
 RECURSO 9	■ Propiedade: https://i0.wp.com/bp2.blogger.com/_e9P7VG9l4hw/RmSQ3DjMQpl/AAAAAAAEK/Jk2yrpEONFE/s320/1948.marshall	  RECURSO 10	■ Propiedade: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/d/d1/Portrait_Gandhi.jpg/1200px-Portrait_Gandhi.jpg
 RECURSO 11	■ Propiedade: https://s-media-cache-ak0.pinimg.com/564x/60/68/ed/6068ed6a3ae24cf36d96840b12f6c376.jpg	 RECURSO 12	■ Propiedade: http://www.historiasiglo20.org/BIO/images/arafat.jpg

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 RECURSO 13	Propiedade: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/f/fe/Yom_Kippur_War_map-es.svg/220px-Yom_Kippur_War_map-es.svg.png	 RECURSO 14	Propiedade: https://www.google.es/search?q=Ayatollah+Jomeini&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=0ahUKEwj2q92O5bXVAhUDIAKHV-ZICR4Q_AUICigB&biw=917&bih=983#imgsrc=XI_cvj50oK0f6M
 RECURSO 15	Propiedade: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/5/56/Saddam_Hussein_1979.jpg/220px	 RECURSO 16	Propiedade: http://1.bp.blogspot.com/_NNMdQ1S5VKI/UXtr_NA4HOI/AAAAAAAAAHM/066kX3Lot9A/s1600/descolonizacionkali.png http://recursostic.educacion.es/kairos/web/ensenanzas/eso/actual/img/descolonizacion.gif
 RECURSO 17	Propiedade: https://www.biografiasyvidas.com/biografia/n/fotos/nehru.jpg	 RECURSO 18	Propiedade: http://www.historiasiglo20.org/GF/descolonizacion4.htm
 RECURSO 19	Propiedade: http://recursostic.educacion.es/kairos/web/ensenanzas/bachillerato/mundo/img/imagenescomentadas/emergente_finguerra.html	 RECURSO 20	Propiedade: http://1.bp.blogspot.com/_8Aou6L7t12M/UiYFhdM3Hil/AAAAAAAAALwQ/vzRIYktLtW0/s1600/rosa-parks3.jpg
 RECURSO 21	Propiedade: https://www.biografiasyvidas.com/biografia/k/fotos/king_martin_luther.jpg	 RECURSO 22	Propiedade: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/8/88/1949_Mao_and_Stalin.jpg
 RECURSO 23	Propiedade: http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/4esohistoria/quincena10/swf/q10_contenidos_3a_1/libro.html	 RECURSO 24	Propiedade: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/d/d0/USSR_Republics_Numbered_Alphabetically.png/450px-USSR_Republics_Numbered_Alphabetically.png
 RECURSO 25	Propiedade: De Sue Ream, CC BY 3.0, https://commons.wikimedia.org/w/index.php?curid=8377443/	 RECURSO 26	Propiedade: http://recursostic.educacion.es/kairos/web/ensenanzas/bachillerato/espana/img/f_franco.jpg
Esquema Franquismo RECURSO 27	Propiedade: http://recursostic.educacion.es/kairos/web/ensenanzas/eso/actual/img/menu_franquismo.gif	 RECURSO 28	Propiedade: http://recursostic.educacion.es/kairos/web/ensenanzas/bachillerato/espana/img/f_rey_franco.jpg

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 RECURSO29	Propiedade: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/f/fa/Cartilla_de_racionamiento_Espa%C3%B1a_1945.JPG/220px-Cartilla_de_racionamiento_Espa%C3%B1a_1945.JPG http://web.educastur.princast.es/proyectos/grupotecne/comuni/documental/images/emigrante.jpg	 RECURSO 30	Propiedade: https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/b/2/2d/Franco_eisenhower_1959_madrid.jpg/300px-Franco_eisenhower_1959_madrid.jpg
 RECURSO 31	Propiedade: http://1.bp.blogspot.com/-a12IIQcZOo/U6RYpntkBkI/AAAAAAAPC0/_r_36s2sNtM/s1600/trece-rosas1.jpg	 RECURSO 32	Propiedade: https://image.slidesharecdn.com/demos4t12-150103134456-conversiongate02/95/demo-espaa-durante-elfranquismo-4eso-27-1024.jpg?cb=1420292928
 RECURSO 33	Propiedade: http://1.bp.blogspot.com/-7B4mdbFHS3U/Te1ldtwTrVI/AAAAAAAAG0/SdHYWSQBJfw/s1600/Mujer%2Batentisima_franquismo.jpg	 RECURSO 34	Propiedade: http://1.bp.blogspot.com/-7B4mdbFHS3U/Te1ldtwTrVI/AAAAAAAAG0/SdHYWSQBJfw/s1600/Mujer%2Batentisima_franquismo.jpg